

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA

# O valor económico do galego



Consello  
da Cultura  
Galega



## **O valor económico do galego**

**Edita**

© Consello da Cultura Galega, 2023  
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro  
15705 · Santiago de Compostela  
T 981 957 202 · F 981 957 205  
correo@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

**Autoría**

Diana Fernández Méndez  
Håkan Casares Berg

**Colaboración**

Melchor Fernández Fernández

**Equipo técnico**

María Concepción Díaz-Fierros Tabernero  
Purificación Carballo Pérez

**Revisión lingüística**

Cristina Río López

ISBN 978-84-17802-57-8

Depósito legal: C 1828-2023

DOI: 10.17075/veg.2023

Esta publicación está accesible na ligazón  
<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4483>



# O valor económico do galego





# Índice

## **9** **Introdución**

## **14** **Antecedentes**

## **17** **Metodoloxía**

- 18 Delimitación dos produtos vinculados á lingua
- 20        Actividades das industrias da cultura e dos medios de comunicación
- 24        Actividades relacionadas coa industria da lingua
- 26        Actividades relacionadas co ámbito educativo
- 28        Actividades das administracións públicas
- 29 Estimación da produción vinculada á lingua
- 32 Procedemento para o cálculo do impacto directo, o indirecto e o inducido

## **37** **Estimación da produción vinculada ao galego nas industrias culturais e nos medios de comunicación**

- 37 VEB e emprego das industrias culturais e dos medios de comunicación
- 46 Produción en galego das industrias culturais e os medios de comunicación
- 47 VEB e emprego da actividade en lingua galega das industrias culturais e os medios de comunicación

## **52** **Estimación da produción vinculada ao galego das industrias da lingua**

- 52 Tradución e interpretación
- 54 Actividades de regulación da lingua
- 56 Escolas oficiais de idiomas
- 58 Academias de idiomas
- 61 Tecnoloxías da lingua
- 63 VEB e emprego das actividades en lingua galega das industrias da lingua

## **65** **Estimación da produción vinculada ao galego na educación**

- 66 Educación non universitaria
- 74 Educación universitaria
- 80 VEB e emprego en lingua galega nas actividades de educación

## **83** **Estimación da produción vinculada ao galego nas administracións públicas**

- 83 Promoción da lingua
- 89 Promoción da cultura
- 96 VEB e emprego da actividade en lingua galega das administracións públicas

## **98 Estimación do impacto directo, o indirecto e o total do galego**

- 98 Contribución directa do galego ao VEB e o emprego por produtos
- 99 Impacto directo por rama de actividade
- 101 Impacto indirecto
- 104 Impacto inducido
- 105 Impacto total
- 112 Comparativa das achegas das linguas cooficiais á economía das CC. AA.

## **115 Conclusións**



## 1. INTRODUCCIÓN

Aínda que a lingua é un elemento imprescindible para o desenvolvemento de calquera actividade económica, a relación entre economía e lingua non foi obxecto da mesma atención que outras vinculacións aparentemente máis afastadas para a análise económica, como a ecoloxía, a demografía ou a psicoloxía. Non obstante, desde a década de 1960 iníciáanse varias liñas de investigación que podemos agrupar no que se denomina «economía da lingua» e que estudan tanto a influencia da linguaxe na economía como a da economía na linguaxe. Trátase dunha relación de causalidade de dobre sentido, o que complica a análise dunha estreita relación que ten múltiples arestas e que constitúe a economía da lingua. Pero, sobre todo, esta falta de atención está directamente relacionada coa dificultade de cuantificar o valor da lingua, un intanxible que, non obstante, é vital en calquera relación económica.

A lingua ten unha función económica fundamental, polo menos desde unha dobre perspectiva: como elemento identitario e como tecnoloxía de comunicación social. En ambos os casos son relacións complexas que presentan múltiples dimensións e elementos que se deben considerar e que se suman a evidentes problemas de cuantificación e de valoración, e mesmo de definición<sup>1</sup>. Nos primeiros traballos analizábase a linguaxe como unha cuestión de elección económica<sup>2</sup> e desde a perspectiva das características que a fan eficiente para transmitir información. Neste contexto, a demografía e o poder económico eran elementos esenciais para explicar a relación entre economía e lingua. Así, un idioma é tanto máis forte (maior

---

<sup>1</sup> A lingua é un ben moi complexo que admite unha dobre conceptualización como ben ou servizo privado e como ben ou servizo público. Como ben privado, a lingua é obxecto de transaccións mercantís (ensino da lingua) ou soporte de comunicación de bens e servizos comercializados (radio, televisión, música, cine, libros...). Este é un punto clave, xa que a lingua como ben privado (as denominadas industrias da lingua) ten un prezo de mercado e pode, polo tanto, valorarse desde esta perspectiva privada.

<sup>2</sup> Jacob Marschak (1965): «Economics of language», *Behavioral Science*, 10:2, 135-140.

valor económico) canto maior é o peso económico dos países que o falan. Este é o argumento principal que xustifica que o peso do inglés hoxe en día sexa moi superior ao do mandarín ou ao do español, cando ten menos falantes maternos<sup>3</sup>. Non obstante, as liñas de traballo posteriores centráronse no impacto das habilidades lingüísticas nos ingresos e noutros resultados do mercado laboral (microeconomía), na evolución e na dinámica dos idiomas (expansión duns e retroceso doutros) e na política e planificación lingüísticas en países ou rexións onde coexisten varios idiomas<sup>4</sup>.

O recoñecemento da linguaxe como variable económica baséase en tres ideas. En primeiro lugar, a linguaxe ten valor económico porque facilita a comunicación entre os axentes económicos. Se os axentes non usan unha linguaxe común que permita entenderse, tanto nos procesos produtivos (as actividades de produción implican traballo en equipo e requiren comprender as mesmas instrucións escritas e verbais) como nas actividades de consumo (unha linguaxe común permite a compradores e vendedores entenderse entre si), a actividade económica tende a frearse<sup>5</sup>. Ademais, o uso dun idioma común tamén lles brinda acceso ao coñecemento a un maior número de persoas. Neste contexto sitúanse as análises dos intanxibles (a lingua é un deles) na explicación do crecemento económico e o comercio internacional, da man das modernas teorías do crecemento endógeno e a economía internacional. A lingua pode xerar unhas externalidades de rede que incentivan o crecemento e o comercio internacional e incluíriase no

---

<sup>3</sup> Aínda que son varios os traballos que demostraron que a fluidez nun idioma dominante é importante para o éxito económico individual e aumenta a eficiencia económica agregada (por exemplo, facilitando o comercio internacional e o investimento estranxeiro), o feito de manter a diversidade lingüística ten, así mesmo, valor privado e social (malia que sexa moito máis complexa a súa valoración monetaria), xa que o idioma tamén é unha expresión da cultura e identidade das persoas.

<sup>4</sup> David E. Bloom / Gilles Grenier (1992): «Economic perspectives on language: The relative value of bilingualism in Canada and the United States», en James Crawford (ed.), *Language Loyalties: A Source Book on the Official English Controversy*, Chicago, The University of Chicago Press.

Victor Ginsburgh / Shlomo Weber (2020): «The economics of language», *Journal of Economic Literature*, 58:2, 348-404.

François Grin (2003): «Language planning and economics», *Current Issues in Language Planning*, 4:1, 1-66.

Weiguo Zhang / Gilles Grenier (2013): «How can language be linked to economics? A survey of two strands of research», *Language Problems and Language Planning*, 37:3, 203-226.

<sup>5</sup> Cando a linguaxe é vista principalmente como unha xeración de comunicación, a tendencia natural é converxer cara ao resultado eficiente de usar un só idioma.

concepto de capital social como un factor produtivo adicional, como o son o capital físico, o humano ou o tecnolóxico<sup>6</sup>.

En segundo lugar, existe unha estreita conexión entre idioma e cultura. Neste contexto, o idioma ten valor como identidade cultural. En moitas sociedades existe unha preferencia por usar unha lingua nativa que a sociedade valora porque define a súa identidade. Sen dúbida, trátase dunha valoración difícil de cuantificar monetariamente, pero que, de maneira indirecta, se traduce nalgúns bens de consumo, como libros, cancións, películas e programas de radio e televisión. A diversidade lingüística que fai fincapé nas características culturais dos idiomas aumenta o benestar social conxunto, aínda que a súa valoración monetaria sexa moi complexa<sup>7</sup>.

En terceiro lugar, a linguaxe contribúe ao capital humano e pódese desenvolver da mesma maneira que outras habilidades produtivas. As persoas poden adquirir habilidades lingüísticas ou mellorar as que xa teñen estudando idiomas na escola, conversando con outros etc. Moitas, especialmente aquelas que pertencen a unha minoría lingüística, aprenden novos idiomas porque queren ampliar as súas habilidades para comunicarse e, ao facelo, ser máis produtivas e gañar salarios máis altos<sup>8</sup>. Análizanse, polo tanto, as relacións da lingua cara á economía e, en concreto, o seu papel na explicación de variables económicas como os diferenciais salariais. Desde este punto de vista, as persoas tenden a elixir idiomas en función do seu rendemento financeiro.

---

<sup>6</sup> En 2022, o 14 % das exportacións galegas teñen Portugal como destino, mentres que para o conxunto de España só supoñen o 8 % do total, ao igual que en Andalucía, outra rexión fronteiriza como Galicia. Pero chama máis a atención o caso de Brasil, destino do 3 % das exportacións galegas, pero só do 0,9 % do total español. É posible que a proximidade do galego e o portugués sexa un factor explicativo relevante.

<sup>7</sup> Por exemplo, a diversidade lingüística e cultural pode aumentar o número e o tipo de produtos dispoñibles, o que incrementa o benestar individual, dada a nosa preferencia pola diferenciación.

<sup>8</sup> Alisher Aldashev / Johannes Gernandt / Stephan L. Thomsen (2009): «Language usage, participation, employment and earnings: Evidence for foreigners in West Germany with multiple sources of selection», *Labour Economics*, 16, 330-341.

Alejandra Cattaneo / Rainer Winkelmann (2005): «Earning differentials between German and French speakers in Switzerland», *Swiss Journal of Economics and Statistics*, 141:2, 191-212.

Gilles Grenier / François Vaillancourt (1983): «An economic perspective on learning a second language», *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, 4:6, 471-483.

A lingua, xa que logo, cumpre moitas funcións (medio de interlocución, materia prima esencial para a creación de bens e servizos culturais, como referente de identidade e do acervo cultural...) que teñen efectos económicos, cuxa cuantificación é moi difícil. Nos últimos anos, malia as enormes dificultades indicadas, nalgunhas investigacións tratouse de estimar o valor económico da lingua en diferentes contextos xeográficos desde unha perspectiva macroeconómica, agregada, na que se pretende resaltar a importancia do idioma no funcionamento dun sistema económico utilizando como marco a contabilidade nacional. O obxectivo é facer unha aproximación ao valor da lingua como ben privado de mercado a partir da estimación do valor das actividades soportadas por ela, no sentido de que sexa parte esencial do produto principal e sempre no marco da contabilidade nacional (o que limita a valoración aos presupostos metodolóxicos desta). Estamos ante unha estimación do valor económico das denominadas industrias da lingua, pero que deixaría fóra do cálculo aspectos económicos moi importantes, como a relevancia da lingua no comercio internacional de bens e servizos, nos fluxos internacionais de capital e na explicación dos fluxos migratorios<sup>9</sup>. Ademais, só se estaría a considerar que parte do produto interior bruto (PIB) se corresponde con actividades directamente vinculadas á lingua, pero tamén se deixaría fóra o valor da lingua como renda para os factores produtivos (o rendemento diferencial desa lingua en termos salariais e de rendibilidade empresarial) e sen entrar a valorar a lingua como factor identitario.

A lingua como activo inmaterial que presenta importantes externalidades, non apto para a súa apropiación polos axentes que acceden ao seu uso, que carece de custos de produción no ámbito individual e que non se esgota ao ser consumido, require metodoloxías específicas de medición dos seus efectos económicos que aínda están en fases iniciais de desenvolvemento. Por todo isto, tales estimacións do valor agregado dunha lingua desde o punto de vista macroeconómico débense tomar con moito coidado. Cómpre lembrar que os avances teóricos máis consistentes se realizaron no nivel microeconómico. É dicir, o máis robusto academicamente sería tratar de obter estimacións microeconómicas do valor da lingua para algúns axentes económicos concretos (por exemplo, a prima salarial do inglés no

---

<sup>9</sup> O 37 % do censo español de residentes ausentes no Brasil son galegos, peso similar ao existente en Portugal (31 %).

mercado de traballo galego para un graduado en informática), pero mesmo neste eido a falta de información significativa limita moito as investigacións. Non obstante, aínda que este tipo de aproximación pode parecer pouco fundamentado nalgúns momentos, non se pode esquecer que medir é coñecer e o que non se pode medir tampouco se pode mellorar, como lord Kelvin indicou hai xa moitos anos. Neste sentido débese entender o traballo de estimación do valor do galego que se presenta a continuación.

## 2. ANTECEDENTES

Nos últimos anos apareceron diversas publicacións relacionadas co valor económico das linguas de España que teñen como antecedente o traballo dirixido por Municio e publicado en 2003, no que por primeira vez se estima a contribución do español á economía desde unha perspectiva macroeconómica, tomando como base a contabilidade nacional<sup>10</sup>. A Fundación Telefónica publicou unha serie de traballos dedicados ao valor económico do español como potencial de mercado e valor na economía nacional e internacional<sup>11</sup>. Con respecto ás linguas cooficiais<sup>12</sup>, os traballos publicados teñen como obxectivo medir a dimensión e o impacto económicos das linguas e, máis concretamente, coñecer a súa contribución á economía das comunidades autónomas onde son cooficiais, medir a riqueza económica que xeran e cuantificar a dimensión e o valor económico dos sectores destas linguas.

---

<sup>10</sup> Ángel Martín Municio (2003): *El valor económico de la lengua española*, Madrid, Espasa Calpe, 256.

<sup>11</sup> Miguel Carrera Troyano / José Jesús Gómez Asencio (dirs.) (2009): *La economía de la enseñanza del español como lengua extranjera. Oportunidades y retos*, Barcelona, Editorial Ariel. José Luis García Delgado / José Antonio Alonso Rodríguez / Juan Carlos Jiménez Jiménez (2008): *Economía del español. Una introducción*, Barcelona, Editorial Ariel (2ª edición).

José Luis García Delgado / José Antonio Alonso / Juan Carlos Jiménez (2012): *Valor económico del español*, Barcelona, Editorial Ariel.

Francisco Javier Girón / Agustín Cañada (2009): *Las cuentas del español*, Barcelona, Editorial Ariel.

Juan Carlos Jiménez / Aránzazu Narbona (2011): *El español en los flujos económicos internacionales*, Barcelona, Editorial Ariel.

Francisco Moreno Fernández / Jaime Otero Roth (2008): *Atlas de la lengua española en el mundo*, Barcelona, Editorial Ariel (2ª edición).

Manuel Santos Redondo (cord.) (2011): *Economía de las industrias culturales en español*, Barcelona, Editorial Ariel.

<sup>12</sup> Eusko Jaurlaritz. Hezkuntza, Hizkuntza Politika eta Kultura Saila [Gobierno Vasco. Departamento de Educación, Política Lingüística y Cultura. Viceconsejería de Política Lingüística] (2015): *Valor e impacto económico del euskera*.

Joaquim Maudos / Ferran Pascual / Ernest Reig (2019): *Impacte i valor econòmic del valencià*, València, Generalitat Valenciana, Conselleria d'Educació, Investigació, Cultura i Esport.

Os anteditos traballos parten da hipótese de que a lingua ten un mercado e unha industria propios que xeran riqueza e emprego cuantificables (as chamadas «industrias da lingua»). Para estimar o valor económico da lingua en termos de produción, renda ou emprego, débese distinguir que bens e servizos están directamente relacionados coa lingua como elemento diferencial no seu proceso produtivo e, posteriormente, identificar as ramas de actividade produtoras destes bens e servizos nas fontes estatísticas oficiais. Tal formulación está limitada polas clasificacións de produtos e actividades e as estatísticas de que se dispón no marco da contabilidade nacional, pero asegura unha comparabilidade xeográfica e temporal moi importante.

A estatística oficial inclúe información contable sobre o conxunto de bens e servizos dispoñibles nunha economía e as ramas de actividade produtoras, mais non ofrece datos desagregados polo idioma no que se lle presentan ao consumidor. Polo tanto, a estimación da contribución directa dunha lingua á economía esixe recoller datos de fontes estatísticas oficiais e información obtida a partir doutras secundarias sobre o uso das linguas naqueles procesos produtivos nos que o idioma é un elemento diferencial. Por exemplo, non sería certo afirmar que toda a produción editorial realizada en España é atribuíble ao español, xa que se trata dunha industria que elabora produtos en diversas linguas, como son as cooficiais e as estranxeiras.

Os resultados dos informes referidos indican que a contribución directa do valenciano á economía da comunidade autónoma é de 1307,4 millóns de euros de valor engadido bruto (VEB) e 35 505 empregos equivalentes a tempo completo. Proporcionalmente, o impacto do valenciano representa un 2,1 % do VEB e un 2,95 % da ocupación da comunidade autónoma. O sector educativo concentra a maior parte desa contribución directa: en concreto, un 91,7 % da renda e un 88,6 % da ocupación. A industria da cultura e os medios de comunicación supoñen un 5,7 % da renda e un 9,4 % do emprego, respectivamente.

Pola súa parte, a achega realizada á economía vasca polos sectores do éuscaro é significativamente maior que no caso da valenciana. Os resultados indican que un 6,3 % do emprego e un 4,5 % do VEB están relacionados con actividades económicas vinculadas a esta lingua. O VEB correspondente aos sectores do éuscaro é de máis de 2751 millóns de euros. Neste caso, é tamén o sector da educación o que xera a maior parte do VEB (75 %),

mentres que o sector da industria da cultura e os medios de comunicación representan un 12,2 % do VEB total dos sectores do éuscaro.

Neste traballo, o Consello da Cultura Galega realiza un cálculo similar co obxectivo de medir a contribución da lingua galega como ben privado, desde unha perspectiva macroeconómica, ao conxunto da economía de Galicia. Os datos económicos proceden das fontes dispoñibles, co maior nivel de desagregación posible para podermos observar do xeito máis preciso as ramas de actividade produtoras dos bens e servizos que contan co idioma como un elemento diferencial. En concreto, no caso do emprego usáronse os datos das afiliacións á Seguridade Social a catro díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009) proporcionados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións. Os datos económicos (producción, VEB, impostos ou emprego equivalente) proveñen das contas económicas de Galicia, concretamente da revisión estatística de 2019 do Instituto Galego de Estatística (IGE). Para os datos da proporción da produción en galego, pasouse unha enquisa a unha mostra do universo de entidades relacionadas coa lingua.

Os cálculos da achega do VEB e do emprego fixéronse en colaboración co Grupo de Análise e Modelización Económica (GAME) do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA), da Universidade de Santiago de Compostela.



### 3. METODOLOXÍA


Neste apartado descríbense os diferentes procedementos empregados no informe para calcular o valor económico da lingua. Trátase de metodoloxías de medición económica amplamente utilizadas que combinan tratamentos econométricos con métodos *input-output* e outras técnicas de estimación a partir de indicadores de emprego. Para iso faise referencia a traballos semellantes realizados tanto no español como noutras linguas cooficiais (o valenciano e o éuscaro) e sinálanse as fontes de datos secundarias ás que se acode para poder levar a cabo o cálculo dos indicadores empregados para este fin. Tal diversidade de procedementos responde ás limitacións estatísticas, pero tamén ao obxectivo de revisar e ampliar os antigos procedementos tratando de melloralos. Por último, descríbese o procedemento para calcular o impacto destes sectores vinculados á lingua galega na economía de Galicia a partir do seu peso nos indicadores macroeconómicos máis usuais.

Aínda que o procedemento detallado supón un número de operacións e técnicas de cálculo moi importante, podemos sintetizar o procedemento de estimación en catro fases: 1) selección dos produtos relacionados co idioma (PR); 2) estimación da produción dos produtos relacionados; 3) transformación dos produtos relacionados en produción e VEB das ramas de produción das contas rexionais, e 4) utilización do modelo *input-output* de demanda para o cálculo do impacto económico total (directo, indirecto e inducido) da produción das ramas relacionadas co idioma.

Como mostra o seguinte gráfico, a segunda fase require a utilización de indicadores indirectos para facer unha aproximación aos valores de produción dos produtos relacionados co galego, dada a falta de información oficial a ese nivel de desagregación sobre produción e emprego nas contas rexionais, e contar cunha estimación sobre que parte dos produtos relacionados o son en exclusiva co galego. Por mor da cooficialidade do galego e o castelán, os produtos relacionados coa lingua poden estar en calquera das dúas, e incluso, en menor medida, noutras linguas non oficiais en Galicia. De feito, as editoriais con sede na nosa comunidade poden perfectamente

publicar libros en éuscaro, catalán ou inglés e, polo tanto, esa produción non estaría vinculada ao galego.

### Representación esquemática da metodoloxía de estimación



Fonte: Elaboración propia

### 3.1. Delimitación dos produtos vinculados á lingua

Desde o punto de vista metodolóxico, para poder calcular o valor da lingua debemos identificar os bens e servizos vinculados a esta e as súas ramas produtoras, elaborar un directorio de empresas e institucións que desenvolven actividades nesa área (ou, polo menos, obter datos mostrais) e estimar o peso de cada lingua nestes sectores.

Xa que logo, o primeiro paso é delimitar os sectores ou ramas produtivas vinculados á lingua. Con tal fin, nos traballos que serven de referencia<sup>13</sup> para

---

<sup>13</sup> A delimitación está adaptada dos cálculos do éuscaro e do valenciano, que, á súa vez, están baseados nos cálculos elaborados sobre o español nas publicacións referidas nas notas 1 e 2.

esta investigación distínguense catro sectores principais ligados ao idioma, cada un dos cales está dividido en diferentes subsectores:

- A) *Industrias da cultura e dos medios de comunicación*: industria editorial, musical, audiovisual, das artes escénicas etc. e outras actividades relacionadas co mundo da cultura.
- B) *Actividades relacionadas coa industria da lingua*. Neste apartado inclúense as actividades realizadas por institucións ligadas ao ensino da lingua do ámbito público, como as escolas oficiais de idiomas, e do privado, como academias de idiomas. Tamén abrangue os organismos que regulan o seu uso normativo (no caso de Galicia, a Real Academia Galega) e, por último, empresas que ofrecen servizos de tradución e interpretación, procesamento da linguaxe natural etc.
- C) *Actividades relacionadas co ámbito educativo*, nas que o idioma é un elemento clave para desenvolvelas e sobre as cales recae o cometido de promover o uso e o coñecemento das linguas dentro dun contorno de aprendizaxe plurilingüe. Neste grupo considérase o uso das linguas en todos os ámbitos educativos de formación regrada, é dicir, desde a educación infantil ata o ensino universitario.
- D) *Servizos para a difusión e coñecemento das linguas prestados polas administracións públicas*. Inclúense as actividades que emanan directamente do sector público ligadas á promoción lingüística de maneira directa (promoción da lingua) e indirecta (promoción da cultura).

De todos os subsectores, identificáronse un conxunto de actividades que son susceptibles de incluír empresas e entidades relacionadas directa ou indirectamente coa actividade lingüística e que se resumen na seguinte táboa. Optouse por un criterio estreito de vinculación coa lingua que conduce a unha selección de produtos na que, por exemplo, non se consideran os produtos intermedios necesarios nos procesos produtivos das industrias da lingua, como a pasta de papel, papel e cartón, materiais gráficos, tintas... Nesta aproximación ás necesidades de *inputs* intermedios na elaboración dos produtos vinculados á lingua, pode facerse unha estimación a partir do

modelo *input-output* de impacto. Por último, tampouco se inclúen servizos que poden ter unha vinculación moi estreita coa lingua, como os xurídicos ou os diversos tipos de servizos empresariais que se basean no uso da linguaxe para a súa prestación.

#### Sectores e actividades relacionados coa lingua

Sector	Actividades
Industria da cultura e dos medios de comunicación	Artes gráficas
	Industria do libro e da edición
	Comercio de produtos culturais
	Industria audiovisual
	Artes escénicas e musicais
	Actividades creativas e artísticas
	Actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade
	Actividades de bibliotecas, arquivos e museos
Industria da lingua	Ensino da lingua
	Tradución e interpretación
	Normativa da lingua
	Tecnoloxías da linguaxe
Ámbito educativo	Ensino non universitario
	Ensino universitario
Administración pública	Recursos das áreas da lingua galega nas administracións públicas
	Recursos de áreas de cultura nas administracións públicas e organismos dependentes

Fonte: Elaboración propia

Tal e como se indicou anteriormente, as actividades da lingua compóñense de catro grandes agregados que están formados por subsectores e ramas de actividade.

#### 3.1.1. Actividades das industrias da cultura e dos medios de comunicación

Debido ao deseño da enquisa do Consello da Cultura Galega da que se obtéñen os datos de participación da produción en lingua galega, para os cálculos de galego do primeiro dos agregados, o das industrias da cultura e dos medios de comunicación, agrúpanse as seguintes actividades da CNAE-2009 a catro díxitos para crear as seguintes categorías<sup>14</sup>:

<sup>14</sup> Non se consideran as actividades 1820 (reprodución de soportes gravados) nin 5918 (actividades de distribución de programas de televisión) da CNAE-2009 porque non se obtiveron datos na enquisa de produción en galego, pero si se tiveron en conta para os cálculos totais da actividade das industrias da cultura e os medios de comunicación. Isto implica

**Actividades das industrias da cultura e dos medios de comunicación**

Actividades	CNAE-2009
	1811
Artes gráficas	1812
	1813
	1814
Comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados	4761
	4762
	4763
	5811
Edición de libros, xornais, revistas e outras actividades editoriais	5813
	5814
	5819
Artes escénicas, actividades auxiliares das artes escénicas, creación artística e literaria e xestión de salas de espectáculos	9001
	9002
	9003
	9004
Actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade	7311
	6391
	5912
	5914
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión	5915
	5916
	5917
	5920
	6010
	6020
Actividades de bibliotecas, arquivos e museos	9102
	9105
	9106

Fonte: Elaboración propia

Cómpre indicar que, na composición da categoría «Actividades de bibliotecas, arquivos e museos», os datos de afiliacións á Seguridade Social só recollen unha parte do emprego que hai en actividades relacionadas con bibliotecas, museos, arquivos, patrimonio etc. A razón radica en que moitos dos traballadores non se atopan en contas de cotización baixo esas epígrafes da CNAE-2009, senón en actividades das administracións públicas. Isto indica que se recolle a actividade de empresas privadas que ofrecen servizos

que as cifras absolutas de VEB e emprego do bloque dos totais e as de produción en lingua galega non coincidan con exactitude. En calquera caso, son actividades cunha achega proporcionalmente moi pequena ao conxunto, ao seren moi poucas as empresas con esta actividade en Galicia.

especializados a bibliotecas, arquivos e museos, así como unha parte pequena da actividade habitual deste tipo de entidades dentro de tal subsector; a maior parte do resto atópase no subsector específico da Administración.

Ter como punto de partida os datos de afiliacións á Seguridade Social supón que, para o conxunto de actividades no total de ocupación por rama de actividade, non se contabilicen os empregados públicos incluídos nas mutualidades. En total, en 2019 Galicia contaba con 47 820 funcionarios, a maioría en educación, sanidade, xustiza e forzas e corpos de seguridade. En definitiva, os resultados deste informe tenden a subrepresentar o emprego e o VEB das actividades englobadas dentro do subsector denominado de industrias da cultura e os medios de comunicación.

A diferenza dos traballos sobre o éuscaro e o valenciano, no caso do galego a produción neste idioma das actividades de impresión e artes gráficas, así como das actividades de comercio a retallo de xornais e artigos de papelaría, incluíuse dentro deste subámbito.

Nese mesmo ámbito atópase unha participación importante das institucións sen fin de lucro (ISFL) e tamén é relevante a existencia dun tecido asociativo específico de promoción da lingua<sup>15</sup>. Tal como se enfoca o traballo, para a medición do peso da lingua na economía galega, este cuantifícase a partir da observación do emprego xerado por ese tipo de entidades. O que non é posible é illar a súa achega da doutras unidades institucionais. Neste sentido, a *Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro*<sup>16</sup> ten como obxectivo abordar a caracterización estrutural e principais variables da actividade das ISFL, e nese traballo detectáronse diversos problemas relacionados coa heteroxeneidade das fundacións e asociacións. Así, coexisten entidades que contan cunha estrutura organizativa complexa e entidades de estrutura elemental, e advertiuse unha carencia de estruturas administrativo-contables e falta de transparencia. En calquera caso, nesa fonte determináronse as actividades nas que teñen unha presenza maioritaria as ISFL, concretamente as divisións 90, 91, 93 e 94 da CNAE-2009.

---

<sup>15</sup> Pódese atopar un directorio deste tipo de entidades en <http://kit.consellodacultura.gal/guia-da-lingua/>.

<sup>16</sup> IGE: [https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_EISFL\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EISFL_gl.pdf).

**Actividades económicas cunha presenza maioritaria de ISFL**

Actividade	CNAE-2009
Actividades de creación, artísticas e espectáculos	90
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	91
Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	93
Actividades asociativas	94

Fonte: IGE

Como resulta obvio, toda a actividade da división 93 está excluída ao non formar parte do obxecto de estudo. Polo modo de proceder, a totalidade do emprego das divisións 90 e 91 está recollido, de xeito que está considerado o labor das ISFL que ten a lingua galega como elemento de produción. A excepción sería a división 94, na que, malia que recolle actividades que non resultan relevantes para este traballo, como a de organizacións empresariais, profesionais e patronais, así como as sindicais, relixiosas e políticas, si é posible que se subestime a achega á lingua galega das ISFL englobadas na actividade 9499 da CNAE-2009, «Outras actividades asociativas n.c.o.p.», que, para efectos dos cálculos que aquí se recollen, só se lles atribúen ás actividades de regulación do idioma, pertencentes ao subsector das industrias da lingua.

Ao igual que no resto de entidades, para calcular os coeficientes de uso do galego preguntóuselle a unha mostra de entidades pola proporción da súa produción en lingua galega. O número de ISFL incluídas no mostra global foi de 180 unidades.

No caso dos cálculos sobre o valor do éuscaro, as ISFL que se abranquen están recollidas no directorio de empresas e entidades que serve de base para todos os cálculos; é dicir, trátase dunha observación directa. No caso das contas sobre o español, enténdese que a evolución dos produtos e servizos das ISFL pode asimilarse, mediante unha simplificación, ao das administracións públicas, dado que se considera que o seu labor está ligado á política fiscal e de subvencións destas últimas. No caso do valenciano, optouse por incluír unha observación directa unicamente daquelas asociacións cuxo fin é a promoción da lingua.

### 3.1.2. Actividades relacionadas coa industria da lingua

En canto ao segundo agregado, denominado «industrias da lingua», este subsector está composto por varias actividades. Para o caso de Galicia optouse polas seguintes ramas da CNAE-2009:

#### Actividades das industrias da lingua

Actividades	CNAE-2009
Ensinanzas da lingua (escolas oficiais de idiomas e academias de idiomas)	8531 8559
Tradución e interpretación	7430
Regulación da lingua (Real Academia Galega)	9499
Tecnoloxías da lingua	6201

Fonte: Elaboración propia

No relativo á ensinanza da lingua e, concretamente, ás escolas oficiais de idiomas, acódeuse aos datos de profesorado proporcionados pola Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional, que non inclúe as remuneracións destes traballadores. Para os cálculos aplícase a proporción teórica destes na rama R85NM, «Educación de non-mercado». Cómpre sinalar que é unha parte da rama que se resta para efectos dos cálculos do conxunto do subsector da educación, tal e como se explica máis abaixo. A proporción de galego calcúlase a partir da porcentaxe de alumnado que estuda lingua galega.

No caso das academias de idiomas, non existe unha actividade concreta na CNAE-2009 que recolla este grupo de entidades. Ao carecerse dunha fonte mellor, os datos de emprego e ingresos extraírense do Sistema de Análisis de Balances Ibéricos (SABI) a partir da depuración de todas as empresas incluídas baixo a CNAE 8559, «Outra educación n.c.o.p.». Para os cálculos, aplícase a proporción na rama R85NM, «Educación de mercado». Ao non existir o dato de uso do galego neste tipo de actividades, tras unha consulta a persoas expertas e a responsables de asociacións profesionais de academias de idiomas, aplícase a mesma porcentaxe das escolas oficiais de idiomas por considerarse unha aproximación realista.

En canto á tradución e interpretación, trátase dunha actividade completa da CNAE-2009, polo que se aplica a proporción a partir dos datos de afiliacións á Seguridade Social na rama das contas R74\_75, «Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias». A proporción de



galego vén da enquisa propia do CCG na que se pregunta pola proporción de produción en galego das entidades e profesionais entrevistados.

Para calcular o peso das actividades relacionadas coa normativa do idioma, tamén denominadas de regulación da lingua, tomouse a decisión de incluír unicamente os datos da Real Academia Galega. A información utilizada para os cálculos provén da propia entidade e aplícase a partir das proporcións da actividade 9499, «Outras actividades asociativas n.c.o.p.», nas contas da rama R94, «Actividades asociativas». Como resulta obvio, a porcentaxe de galego que se aplica é do 100 %.

O último grupo de actividades do apartado das industrias da lingua é o chamado «tecnoloxías da lingua». Para detectar as entidades partiuse de fontes empregadas nos informes que serven de referencia, como o *Informe sobre el estado de las tecnologías del lenguaje en España dentro de la Agenda Digital para España*<sup>17</sup>, e intentouse ampliar a información mediante preguntas a persoas expertas. Descubriuse que a maioría das entidades relacionadas coas tecnoloxías da lingua non desenvolvían proxectos relacionados co galego, polo que se optou por estudar unicamente as que si levaron a cabo algún proxecto relacionado con esta lingua en 2019, ás cales se lles preguntou pola porcentaxe da súa produción en lingua galega. Para os cálculos, aplícase a proporción que supón na actividade 6201, «Actividades de programación informática», na súa rama correspondente das contas económicas (R62\_63).

Nos traballos que inspiran este informe, atópanse algunhas diferenzas salientables dentro do apartado que se está a tratar. Así, no caso dos cálculos do éuscaro no ensino da lingua fóra do sistema educativo, áchanse os *euskaltegis*<sup>18</sup>, centros educativos que non teñen unha equivalencia en Galicia. Tamén se detecta unha maior variedade de servizos e asesorías

---

<sup>17</sup> Nùria Bel / German Rigau (eds.) (2015): *Informe sobre el estado de las tecnologías del lenguaje en España dentro de la Agenda Digital para España*, España, Ministerio de Industria, Energía y Turismo (<https://plantl.mineco.gob.es/tecnologias-lenguaje/PTL/Bibliotecaimpulsotecnologiaslenguaje/Material%20complementario/Informe-Tecnologias-Lenguaje-Espana.pdf>).

<sup>18</sup> Os *euskaltegis* son centros de alfabetización e euskaldunización de adultos, tal como os define a Lei 29/1985, do 25 de novembro, de creación do Instituto de Alfabetización y Reuskaldunización de Adultos y de Regulación de los Euskaltegis. Os *euskaltegis* poden ser públicos (os creados por decreto do Goberno Vasco e adscritos ao Instituto de Alfabetización y Reuskaldunización de Adultos [HABE] e os creados polas deputacións forais, polos concellos ou por entidades dependentes destes) ou privados.

lingüísticas, así como actividades relativas á regulación do idioma, lexicografía e terminoloxía, que no caso da lingua galega están incluídos case exclusivamente ben no ámbito educativo ou ben no das administracións, xa considerados noutros apartados deste traballo.

### 3.1.3. Actividades relacionadas co ámbito educativo

No referente ao ensino, inclúese parte das actividades recollidas baixo a epígrafe 85 (educación) da CNAE-2009. Nas contas económicas de Galicia subdivídese en dúas ramas: 85M (educación de mercado) e 85NM (educación de non-mercado). De acordo coa metodoloxía dos traballos que serven de marco de referencia, as actividades incluídas son as seguintes:

#### Actividades no ámbito da educación

Actividades	CNAE-2009
Educación primaria	8520
Educación secundaria xeral	8531
Educación secundaria técnica e profesional	8532
Educación postsecundaria non terciaria	8541
Educación universitaria	8543
Educación terciaria non universitaria	8544

Fonte: Elaboración propia

Algunhas actividades que compoñen tales ramas ou ben se exclúen totalmente ou se inclúen noutros apartados deste traballo. Así, por exemplo, con respecto á educación preprimaria<sup>19</sup>, debido a que non existen fontes que nos permitan estimar o peso da lingua nesta etapa educativa, exclúese por completo.

Tal e como se mencionou, as escolas oficiais de idiomas e as academias privadas de ensino de linguas non se inclúen neste apartado. Ao utilizarse a axuda de clasificación do Instituto Nacional de Estadística (INE), se ben a ensinanza de idiomas se correspondería coa epígrafe 8559, as escolas oficiais de idiomas estarían incluídas na 8531, é dicir, educación secundaria xeral. Estas dúas epígrafes non se inclúen no cálculo da rama no apartado

---

<sup>19</sup> A educación preprimaria defínese como a primeira etapa da educación organizada, deseñada principalmente para introducir os nenos e nenas nun contorno educativo de tipo escolar; noutras palabras, para servir de ponte entre o fogar e o medio escolar. Esta clase non comprende as actividades de atención diúrna de nenos, é dicir, as gardarías.

de educación, para consideralas nos cálculos do apartado anterior de industrias da lingua. Esta decisión tomouse con miras a que o informe sobre o galego garde coherencia e resulte comparable cos traballos sobre o éuscaro e o valenciano.

Tampouco se tiveron en conta as actividades auxiliares da educación (8560), que comprenden a prestación de actividades non docentes de apoio aos procesos ou sistemas educativos, o asesoramento, os servizos de orientación educativa, os servizos de avaliación educativa, os servizos de probas educativas, a organización de programas de intercambio de estudantes e a organización de cursos de idiomas no estranxeiro. Outras actividades excluídas son a educación deportiva e recreativa (8551) e as actividades das escolas de condución e pilotaxe (8553).

Para o cálculo das proporcións de lingua galega correspondente á educación non universitaria, acódesse a un dato de uso do galego que é indirecto, a saber: a lingua na que recibe as clases o alumnado, a partir da enquisa estrutural a fogares e, concretamente, o módulo de coñecemento e uso do galego de 2018 do IGE. Os datos refírense ás materias distintas dos idiomas, a lingua galega e a lingua castelá, polo que se supón que as clases de lingua teñen unha ocupación en tempo similar no currículo. Para poder estimar as diferenzas por niveis educativos, úsase a idade do alumnado como *proxy*.

Os datos de profesorado e do persoal non docente proveñen do Ministerio de Educación e Formación Profesional. A partir do dato de emprego, aplícanse as proporcións calculadas sobre as contas anuais de Galicia. No caso da educación universitaria acódesse a fontes específicas de cada universidade para facer unha aproximación ao grao de uso do galego e, a partir de aí, calcular a produción nesta lingua.

A metodoloxía difire da que se utiliza nos traballos que serven de referencia. Neles calcúlase a proporción da lingua vehicular dos programas de educación bilingüe que teñen para cada etapa educativa. En todos os casos aplícaselles tanto a persoal docente como non docente.

### 3.1.4. Actividades das administracións públicas

En canto ás administracións públicas, distínguense dúas actividades: as de promoción da lingua e as de promoción da cultura. As primeiras atribúense-lle na súa totalidade ao galego e das segundas calcúlase a porcentaxe imputable a esta lingua. Nas dúas actividades diferéncianse varios niveis administrativos.

#### **Actividades das administracións públicas**

<u>Actividade</u>	<u>CNAE-2009</u>
Actividades de promoción da lingua das AA. PP.	8412
Actividades de promoción da cultura das AA. PP.	8412

Fonte: Elaboración propia

Para o cálculo do valor da promoción da lingua, no caso da Administración local pártese da cifra de persoal empregado nas deputacións e concellos que está adscrito aos departamentos de planificación lingüística, promoción do galego ou análogos. A partir do número de persoas empregadas, calcúlase a remuneración para despois inferir o VEB. No caso da Administración autonómica pártese do gasto de persoal observado nas estatísticas das liquidacións orzamentarias e calcúlase a partir de aí o emprego.

Nas actividades de promoción da cultura pártese tamén dos datos das liquidacións de gasto público para o cálculo das magnitudes. A fin de coñecer a produción en galego, utilízanse datos da enquisa promovida polo CCG na que se lles pregunta, neste caso, a responsables dos departamentos de cultura de concellos e deputacións e do Goberno autonómico pola proporción de actividades en lingua galega sobre o total de actividades culturais promocionadas por eses departamentos. Concretamente, preguntóuselles a 222 entidades.

Neste apartado engádese ademais a actividade do CCG por atoparse dentro da epígrafe denominada «Alta asesoría» na contabilidade da comunidade autónoma, xa que non sería posible contabilizar a súa actividade a partir da estatística de gasto liquidado en cultura.

Nos traballos sobre o éuscaro e o valenciano optouse por achegas diferentes. Nas actividades de promoción da lingua, para o caso do éuscaro pártese dunha enquisa específica e para o valenciano faise unha estimación a partir dos orzamentos. Con respecto á promoción da cultura, no País Vasco

pártese de datos de emprego público e aplícanse as porcentaxe de lingua do sector privado. No valenciano súmanse os datos do persoal empregado nas bibliotecas públicas, no Institut Valencià de Cultura e no Consell Valencià de Cultura. As porcentaxes de lingua que aplican son proporcións que se toman doutros sectores.

### **3.2. Estimación da produción vinculada á lingua**

As variables macroeconómicas máis utilizadas para medir o peso dun determinado sector ou actividade na economía son o emprego e o VEB. Polo tanto, o obxectivo final será o cálculo destas variables xeradas polas actividades vinculadas á lingua e a súa comparación cos datos xerais da comunidade autónoma. A identificación das actividades relacionadas coas linguas parte da CNAE-2009 e esixe unha desagregación por ramas de actividade superior á normalmente ofrecida pola contabilidade nacional ou rexional, o que supón unha dificultade adicional para acadar o obxectivo proposto.

Na maioría das ocasións, a actividade económica que xeran estes sectores ten a súa orixe non só na lingua cooficial, senón tamén noutras linguas. Desta maneira, para imputar a renda e a ocupación correspondentes a unha lingua, é preciso illar a parte de actividade atribuíble a este idioma e estimar o seu peso sobre o total para cada un dos sectores. Este dato pode recollese indirectamente de fontes secundarias, como a cantidade de libros editados nunha lingua sobre o total da edición, ou o número de horas lectivas que unha lingua supón no currículo educativo. Cando non existen datos secundarios ou son parciais, cómpre realizarlles unha enquisa aos diferentes actores económicos na que se recolla a porcentaxe de actividade que se leva a cabo nunha ou noutra lingua; por exemplo, a proporción que supón un idioma nas actividades de tradución e interpretación, ou que espazo que ocupa unha lingua dentro da oferta de espectáculos culturais.

Para observar a contribución en termos de produción e emprego, os traballos nos que se calcularon estas dimensións noutras economías rexionais españolas parten de achegas metodolóxicas diferentes, pero baseadas no marco da Contabilidade Nacional e na análise *input-output* e, polo tanto, tendo en conta só aqueles bens e servizos que están contabilizados no produto interior bruto de cada economía.

No caso do País Vasco partiuse do Directorio de Actividades Económicas do ente de produción estatística autonómico (Eustat), con apoio no cal se creou unha listaxe de establecementos que pertencen ás actividades relacionadas coa lingua. Despois completouse esta relación con datos procedentes de varias fontes de información e engadíronse 309 establecementos. Así, a base de datos xerada para este estudo conta con 10 504 rexistros en total. Trátase, xa que logo, dunha operación baseada nun directorio que inclúe todas as entidades que desenvolven actividades relacionadas coa lingua, o cal permite imputar, a partir do dato de emprego indicado polas empresas que está directamente vinculado ás actividades relacionadas co éuscaro, o valor engadido, a remuneración de asalariados e o volume de facturación total do éuscaro a partir de razóns económicas medias de cada rama de actividade.

No caso da Comunidade Valenciana, como norma xeral, as actividades do ámbito privado obtéñense a partir dos datos da *Estadística estrutural de empresas* elaborada polo INE, referida ao sector industrial, comercio e servizos. Para algúns sectores unicamente se dispón de información do ámbito autonómico correspondente a códigos da CNAE-2009 de dous ou tres díxitos, é dicir, cun nivel de desagregación menor do necesario, xa que as actividades identificadas no ámbito da lingua requiren, polo menos, unha desagregación a catro díxitos. Neses casos procedeuse a estimar o valor a catro díxitos a partir do peso que teñen no agregado superior (dous ou tres díxitos) en España. No ámbito da educación e do sector público, acótese a datos ofrecidos polas propias administracións públicas ou aos orzamentos liquidados. En ambos os casos, o VEB está constituído polas rendas que retribúen os factores produtivos e calcúlase como a suma dos gastos de persoal e os gastos por arrendamento de bens de capital.

O marco de referencia para o cálculo do impacto directo da lingua galega na actividade económica desta comunidade autónoma está recollido nas contas económicas anuais de Galicia (IGE) do ano 2019, que ofrece un nivel de desagregación por rama de actividade e produtos constituída por diferentes agrupacións de actividades da CNAE-2009. Esta desagregación non coincide coas actividades que se identifican como as vinculadas á lingua galega. Polo tanto, é necesario un paso previo con obxecto de desagregar as actividades que compoñen a rama contable o suficiente para determinar a produción, o VEB e o emprego que se corresponden con actividades

en lingua galega e, posteriormente, volver agregar esas actividades a un nivel compatible co sistema de contas de Galicia.

Para os casos nos que foi posible aplicalo, o proceso de desagregación é o seguinte: a partir dos datos de afiliación a catro díxitos da CNAE-2009, repártese o emprego equivalente a tempo completo das ramas de actividade agregadas, segundo a estrutura de produtividade a catro díxitos que se deriva da enquisa estrutural a empresas no ámbito de España (INE). Logo, a partir da estrutura de produtividade calcúlase o VEB e, deste xeito, asegúrase a consistencia das cifras macroeconómicas obtidas.

Unha vez obtido o valor económico das actividades identificadas, nun segundo paso calcúlase a proporción atribuíble á actividade en lingua galega. Na maioría das actividades consideradas no presente traballo, esa proporción resulta da aplicación da media ponderada por tamaño da empresa ou entidade medido pola cifra de persoal empregado, procedente dunha enquisa específica promovida polo Consello da Cultura Galega, na que se lle pregunta a cada unidade da mostra pola porcentaxe da súa produción ou actividade atribuíble ao galego. O tamaño mostral é de 902 entidades, incluídas empresas, institucións sen fins de lucro (ISFL), administracións e profesionais autónomos.

Para o cálculo final do VEB e o emprego, cando as proporcións de galego proveñen da enquisa mencionada decidiuse ofrecer resultados por intervalos, principalmente debido á cantidade de datos dispoñibles e á representatividade que se conseguiu. O intervalo de confianza ofrece unha estimación do rango de valores posibles para unha media ponderada que permite entender mellor a distribución e a tendencia dos datos. A partir da porcentaxe calculada, obtense o resultado do emprego atribuíble ao galego, xa que se coñece a produtividade nos puntos anteriores e, deste xeito, se deduce este dato da dita relación.

En xeral, optouse por criterios que tenden a subestimar o peso da lingua galega na actividade económica agregada; é dicir, por unha banda exclúense aquelas actividades que teoricamente deberían considerarse pero das que non se dispón de datos sobre o uso das linguas e, por outra banda, cando se teñen diferentes opcións para calcular unha magnitude, téndese a escoller a que supón unha proporción menor en termos de emprego ou VEB.

### 3.3. Procedemento para o cálculo do impacto directo, o indirecto e o inducido

Á hora de cuantificar o impacto económico do galego, hai que ter en conta todo tipo de gastos e investimentos que as actividades do galego supoñen tanto no propio sector da lingua como nos demais sectores da economía, posto que inciden tanto no emprego como nas rendas. É dicir, á hora de calcular o impacto económico hai que ter en conta tanto o impacto directo como o indirecto.

O impacto directo fai referencia ao valor daquelas actividades económicas obxecto do estudo que se producen grazas ao galego. Para estimar este impacto séguese o procedemento seguinte:

- I. Os datos económicos vinculados ao galego (VEB e emprego equivalente a tempo completo) asígnanselles ás ramas de actividade do Marco Input-Output en función das equivalencias destas coas epígrafes da CNAE-2009.
- II. Dado que a produción non é máis que a suma do VEB e os consumos intermedios, se se parte do VEB do impacto directo e se aplica o coeficiente de relación entre o VEB e o valor da produción de cada rama da táboa *input-output*, estímase o valor da produción do impacto directo correspondente ao galego en cada rama.

Unha vez obtido para cada rama o valor de produción vinculado ao galego, pode aplicarse o modelo *input-output* para estimar os impactos indirectos e os inducidos a partir da construción dun vector de demanda final de bens e servizos en galego.

O impacto indirecto comprende os efectos no emprego e na produción noutros sectores da economía ao longo da cadea de valor, para poder abastecer a demanda que inicialmente reciben grazas ao gasto en actividades ligadas ao galego; é dicir, aqueles efectos que son consecuencia dos consumos intermedios adquiridos polas actividades vinculadas ao galego no seu mesmo sector ou noutros distintos. Por exemplo, a editorial que vende un libro demanda aprovisionamentos de bens e servizos a outras empresas e estas, á súa vez, a outras, e así sucesivamente. Constrúese o modelo *input-output* para o cálculo do impacto económico de acordo coa actualización do Marco Input-Output de Galicia para o ano 2018 realizada polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Nese modelo o impacto económico é calculado



como un *shock* de demanda, onde o vector de demanda final en cada rama sería o valor calculado como impacto directo do galego, ben en termos de produción, ben en termos de demanda final.

O impacto inducido correspóndese coa produción e o emprego que se xeran a través do consumo de bens e servizos que realizan os fogares coas rendas do traballo obtidas nos sectores que se benefician, directa ou indirectamente, da produción en galego. Para a estimación deste impacto hai que ampliar o modelo *input-output* previo coa información de renda e consumo, mais o funcionamento é análogo; isto é, o impacto calcúlase como un *shock* de demanda. Para facilitar a comprensión, a presentación dos resultados faise de forma agrupada e destácanse as ramas con maior impacto.

O marco *input-output* (MIO) describe o fluxo de bens e servizos dunha economía durante un período concreto. Dentro do MIO pódense diferenciar tres tipos de táboas: as de orixe e destino, a simétrica e a que relaciona as ramas de actividade e os sectores institucionais. As transaccións que se realizan nunha economía pódense describir como un circuíto económico ou sistema de fluxos interdependentes, tanto de bens e servizos como de factores produtivos entre os distintos axentes, e todos estes quedan rexistrados nas ditas táboas.

A táboa simétrica é a forma común na que o MIO recolle o modelo de Leontief. Nela pódense distinguir tres grandes bloques ou submatrices: consumos intermedios, demanda final e insumos primarios.

#### Estrutura da táboa simétrica

	Ramas de actividade	Demanda final	Total
Ramas de actividade	Consumos intermedios	Gasto en consumo final, formación bruta de capital e exportacións	Empregos totais
Valor engadido	Valor engadido por rama de actividade		
Produción	Produción total por rama de actividade		
Resto do mundo	Importacións		
Total	Recursos totais		
Emprego	Postos de traballo totais equivalentes a xornada completa por rama de actividade		

Fonte: Elaboración propia

O bloque de relacións interindustriais ou de consumos intermedios é a táboa desagregada da economía dun país ou rexión nun determinado número de ramas homoxéneas, en cada unha das cales se inclúen as agrupacións de actividades da CNAE-2009. Esta submatriz recolle as compras e as vendas, a prezos básicos, entre as distintas ramas de actividade. No bloque de demandas finais abránguese a parte da produción das ramas de actividade que se destina a usos finais: consumo final (individual ou colectivo), formación bruta de capital e exportacións. No bloque de factores produtivos englobanse as variables que conforman o valor engadido: a suma de consumos intermedios e o valor engadido da produción de cada rama e a suma da produción das ramas de toda a economía. Se á produción total se lle suman as importacións, obtense a cantidade total de recursos dunha economía, que ten que ser igual aos empregos totais que se fan deses recursos.

No modelo de Leontief aberto ou tipo I, a economía concíbese dividida en  $n$  sectores e nela o nivel de produción de cada sector vai depender do nivel de produción dos demais<sup>20</sup>. Máis concretamente, os sectores divídense en dous grupos: os produtivos (entre os cales existe unha relación li-neal entre o *output* e os *inputs* de cada sector) e os de demanda final.

As relacións entre os sectores de actividade exprésanse a través dos coeficientes técnicos, que proporcionan a utilización que a rama  $j$ -ésima fai dos produtos da rama  $i$  por unidade de produción de  $j$ . É dicir:  $a_{ij} = x_{ij}/X_j$ .

Do anterior dedúcese que a demanda intermedia de cada rama ou produto pode expresarse como  $x_{ij} = a_{ij}X_j$ , co cal a economía pode representarse cun sistema de ecuacións, en notación matricial, como:

$$AX + D = X$$

Despexando obtense:

$$X = (I - A)^{-1}D$$

---

<sup>20</sup> Robert Dorfman (1954): «The nature and significance of input-output», *Review of Economics and Statistics*, 36:2, 121-133.

sendo  $I$  a matriz identidade,  $A$  a matriz dos coeficientes técnicos,  $X$  o vector columna das producións a prezos básicos e  $D$  o vector columna das demandas finais.

Desta forma, ao coñecer as demandas finais correspondentes a un determinado momento, pódese saber cal sería a produción necesaria en cada rama para satisfacelas<sup>21</sup>.

No cálculo do impacto sobre o emprego, pártese dos coeficientes directos de emprego, definidos como  $l_j = N_j/X_j$ , sendo  $N_j$  o número de empregados equivalentes a xornada completa da rama  $j$  e  $X_j$  a produción total da dita rama. Este coeficiente indica o número de traballadores por unidade de produción na rama  $j$ -ésima.

Pero a contribución da rama  $j$ -ésima á creación de emprego tamén vén determinada polos requirimentos de produtos intermedios a outras ramas. Para calcular o emprego total en cada sector, dado un vector de demanda, tense que:

$$E = \hat{l}(I - A)^{-1}D$$

onde  $E$  é o vector de postos de traballo equivalentes a xornada completa e  $\hat{l}$  é a matriz diagonal dos coeficientes directos de emprego.

A capacidade de arrastre, en termos de emprego, dun sector cuantifícase a través do produto  $\hat{l}(I - A)^{-1}$ . A suma por columnas dos elementos desta matriz proporciona a cantidade de traballo xerado por unidade de demanda final da rama correspondente, incluído o empregado directamente por esta e o necesario noutras para producir consumos intermedios que usa a primeira.

Unha cuestión adicional que hai que considerar é a posibilidade de converter en endóxenas algunha das variables esóxenas do modelo. Esta posibilidade é interesante en particular no caso do consumo, xa que os fogares perciben rendas do traballo que se traducen directamente no vector de consumo. O modelo tipo I ou aberto de Leontief non ten en conta os denominados efectos inducidos, que se refiren ao incremento do consumo final producido por un aumento nas rendas do traballo (*input* primario). Para

---

<sup>21</sup> Wassily W. Leontief (1941): *The Structure of American Economy, 1919-1929: An Empirical Application of Equilibrium Analysis*, Cambridge, Mass., Harvard University Press.

ter en conta os impactos inducidos, débense calcular os coñecidos como multiplicadores da renda tipo II. Con ese fin é necesario ampliar a matriz de transaccións intersectoriais, incluído o sector de economías domésticas coma se se tratase dun sector produtivo máis. Deste xeito, a matriz de transaccións intersectoriais contará cunha fila e unha columna adicionais. A fila recolle as rendas do traballo dos fogares por unidade de produto, que constitúe un compoñente importante da renda dispoñible dos fogares para consumir ou aforrar. A columna obtense a partir do consumo interior dos fogares residentes, información que está dispoñible na matriz de usos finais.

Os elementos da última fila da nova matriz de coeficientes técnicos indican a renda doméstica directamente xerada ao producir unha unidade do sector  $j$ . A última columna da nova matriz representa as necesidades directas de produto  $i$  para obter unha unidade final de consumo privado. Agora a nova demanda final será a suma do consumo público interior, a formación bruta de capital e as exportacións. Este modelo parte do suposto restritivo de que as funcións de demanda son lineais e homoxéneas.

Os multiplicadores calculados a partir da matriz *input-output* ampliada recollen, así, o efecto directo ou a produción requirida na rama de actividade  $j$  (ante un incremento da demanda final), o efecto indirecto ou a produción requirida en forma de *inputs* do conxunto de sectores da economía e o efecto inducido ou incremento da produción do conxunto de sectores, tendo en conta o aumento de demanda polas rendas do traballo derivadas do incremento da produción, tanto polo efecto directo como polo indirecto.

#### **4. ESTIMACIÓN DA PRODUCCIÓN VINCULADA AO GALEGO NAS INDUSTRIAS CULTURAIS E NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN**

Neste capítulo mídese a produción en termos de emprego e valor engadido bruto das industrias culturais e os medios de comunicación en Galicia. As industrias culturais e os medios de comunicación son fundamentais para o desenvolvemento da cultura e da lingua galegas, pois contribúen á súa promoción e difusión. Por exemplo, a edición crea traballo para escritores e tradutores e ademais fai a súa achega á produción de contido escrito en lingua galega. As actividades de bibliotecas, arquivos e museos tamén permiten preservar, promover e difundir o galego, e as actividades relacionadas co audiovisual contribúen ao desenvolvemento do status da lingua mediante a creación de contido. En conxunto, son labores que xeran riqueza e unha variedade de empregos nas artes gráficas, no comercio, na edición, nas artes escénicas, na creación artística e literaria, no audiovisual e nas actividades de bibliotecas, arquivos e museos. Son industrias que permiten ás persoas traballar nun ámbito creativo e culturalmente rico, axudando a promover e a difundir a cultura e a lingua galegas.

En primeiro lugar, o capítulo presenta as magnitudes calculadas para o total das actividades relacionadas con estes dous ámbitos, con independencia da lingua, e, posteriormente, céntrase na produción en galego das industrias culturais e os medios de comunicación e na media desta produción para cada industria, así como na proporción en galego destas actividades. Así mesmo, analízase o valor engadido bruto e o número de empregos equivalentes a tempo completo xerados na produción en lingua galega nas industrias culturais e os medios de comunicación de Galicia.

##### **4.1. VEB e emprego das industrias culturais e dos medios de comunicación**

Neste apartado descríbense as magnitudes calculadas para o total das actividades relacionadas coas industrias culturais e os medios de comunicación

de Galicia, nomeadamente a impresión e as artes gráficas; o comercio a retallo de libros, xornais e gravacións de música e vídeo; a edición de libros, xornais e revistas; as artes escénicas, as actividades artísticas e creativas, as axencias de publicidade, as axencias de noticias e a industria audiovisual, incluídas a radio e a televisión. Nunha primeira fase calcúlase a produción total, independentemente da lingua, cuxos datos se obtiveron a partir da delimitación descrita no apartado de metodoloxía, coa supresión daquelas actividades para as que non se ten información, polo que se trata dunha estimación á baixa en termos globais.

En primeiro lugar, tal e como se menciona no capítulo anterior, estímase a distribución do emprego equivalente a tempo completo obtido da contabilidade rexional de 2019 para o devandito nivel de desagregación correspondente a cada rama contable, a partir da estrutura de afiliacións en alta laboral en Galicia a 31 de decembro de 2019 da CNAE-2009, cunha desagregación a catro díxitos<sup>22</sup>. Polo tanto, a partir da participación no emprego estimamos o VEB. Se todas as ramas situadas dentro do agregado da CNAE-2009 tivesen a mesma produtividade, poderíamos calcular directamente o VEB correspondente. Como non é así, debemos obter algún indicador de produtividade do emprego ao nivel de desagregación no que estamos traballando. Ao non termos esta información a escala rexional, acudimos a información nacional. Suponse que a produtividade media por rama desagregada en Galicia ten a mesma produtividade que a rama en cuestión no ámbito nacional, se ben pode diferir en termos absolutos, información que se obtén da enquisa estrutural a empresas do INE correspondente ao ano 2019. Unha vez feito isto para cada unha das ramas identificadas dentro das industrias culturais, pásase a determinar que parte deses empregos e ese VEB se deben a actividades ligadas á lingua galega.

Seguindo a metodoloxía indicada, a continuación estímase o emprego e o VEB das actividades de artes gráficas (rama 18 da CNAE-2009).

---

<sup>22</sup> A información de partida, o numero de afiliacións por rama de actividade a catro díxitos, non indica a división entre afiliacións a tempo completo e afiliacións a tempo parcial. Damos por suposto que esta repartición é homoxénea para cada unhas das ramas agregadas, o que permite a repartición do emprego equivalente da CNAE-2009 en función da estrutura das afiliacións.

**Emprego nas actividades de artes gráficas**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	Empregos equivalentes a tempo completo
Impresión de xornais	1811	4,27	117
Outras actividades de impresión e artes gráficas	1812	81,27	2220
Servizos de preimpresión e preparación de soportes	1813	10,95	299
Encadernación e servizos relacionados con ela	1814	2,42	66
Reprodución de soportes gravados	1820	1,09	30
<b>Total</b>			<b>2732</b>

Fonte: Elaboración propia

As artes gráficas xeran 2732 empregos equivalentes a tempo completo, dos que a maior parte (2220) lles corresponden a outras actividades de impresión e artes gráficas, seguidas polos servizos de preimpresión e preparación de soportes, con 299 postos de traballo, e a impresión de xornais, con 117. As que menos empregos crean son a encadernación e os servizos relacionados con ela (66) e a reprodución de soportes gravados, con 30 postos de traballo.

**VEB nas actividades de artes gráficas**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Impresión de xornais	1811	6,47	5813
Outras actividades de impresión e artes gráficas	1812	81,79	73 507
Servizos de preimpresión e preparación de soportes	1813	9,13	8209
Encadernación e servizos relacionados con ela	1814	2,00	1797
Reprodución de soportes gravados	1820	0,61	550
<b>Total</b>			<b>89 876</b>

Fonte: Elaboración propia

O VEB xerado por estas actividades é de máis de 89 millóns de euros, que se distribúen de xeito desigual entre as diferentes categorías. As outras actividades de impresión e artes gráficas obteñen un VEB de 73,5 millóns de

euros: os servizos de preimpresión e preparación de soportes (8,2 millóns), a impresión de xornais (5,8 millóns aproximadamente), a encadernación e os servizos relacionados con ela (1,8 millóns de euros) e a reprodución de soportes gravados (55 millóns de euros). As seguintes táboas mostran os datos do emprego e o VEB das actividades de comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados.

**Emprego nas actividades de comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	Empregos equivalentes a tempo completo
Comercio a retallo de libros en establecementos especializados	4761	1,02	1014
Comercio a retallo de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados	4762	0,84	832
Comercio a retallo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	4763	0,01	9
<b>Total</b>			<b>1855</b>

Fonte: Elaboración propia

Os resultados indican que, globalmente, o emprego nas actividades de comercio a retallo de produtos culturais representa unha porcentaxe de afiliacións na rama contable dun 1,87 % e un total de 1855 empregos equivalentes a tempo completo. As librerías constitúen a actividade con maior porcentaxe de empregos (1014), seguida da do comercio a retallo de xornais e artigos, que contan con 832 postos de traballo, e a de gravacións de música e vídeo, que representa unha actividade mínima en Galicia.

**VEB nas actividades de comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Comercio a retallo de libros en establecementos especializados	4761	0,67	19 192
Comercio a retallo de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados	4762	0,48	13 950
Comercio a retallo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	4763	0,01	156
<b>Total</b>			<b>33 299</b>

Fonte: Elaboración propia



Como resulta previsible, o comercio a retallo de libros representa a actividade con maior VEB (19,1 millóns de euros sobre un total de case 33,3), seguido polo comercio de xornais e artigos de papelería, con 13,95 millóns. A actividade cun valor engadido bruto máis baixo é o comercio a retallo de gravacións de música e vídeo, con 156 000 euros. No seguinte apartado estúdanse o emprego e o VEB das actividades de edición de libros, xornais e revistas e outras actividades editoriais.

**Emprego nas actividades de edición de libros, xornais e revistas e outras actividades editoriais**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	Empregos equivalentes a tempo completo
Edición de libros	5811	26,42	560
Edición de xornais	5813	49,41	1047
Edición de revistas	5814	3,16	67
Outras actividades editoriais	5819	4,46	95
<b>Total</b>			<b>1768</b>

Fonte: Elaboración propia

A edición de xornais é a actividade editorial con maior porcentaxe de emprego, xa que representa un 49,4 % da afiliación na rama contable e 1047 postos de traballo, seguida pola edición de libros, con 560 empregos. As outras actividades editoriais supoñen un 4,46 % de afiliación, con 95 postos de traballo, e, finalmente, a menor proporción correspóndelle á edición de revistas, con 67 postos de traballo. En total, existen 1768 empregos equivalentes a tempo completo na industria editorial.

**VEB nas actividades de edición de libros, xornais e revistas e outras actividades editoriais**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Edición de libros	5811	26,10	24 169
Edición de xornais	5813	50,00	46 304
Edición de revistas	5814	2,43	2250
Outras actividades editoriais	5819	2,24	2076
<b>Total</b>			<b>74 798</b>

Fonte: Elaboración propia

Con respecto ao VEB destas actividades, o da edición de xornais é o máis elevado, con 46,3 millóns de euros, seguido do xerado polas editoriais de libros, con 24,1 millóns. A edición de revistas ten un VEB de máis de 2,2 millóns e, por último, as outras actividades editoriais reciben un 2,24 %, algo por riba dos 2 millóns. En total, o valor engadido bruto para todas estas actividades editoriais ascende a case 75 millóns de euros.

En relación co emprego e co VEB das actividades das artes escénicas, as auxiliares das artes escénicas, a creación artística e literaria, a xestión de salas de espectáculos e as bibliotecas, arquivos e museos, obtivéronse os seguintes datos:

**Emprego nas actividades das artes escénicas, as auxiliares das artes escénicas, a creación artística e literaria, a xestión de salas de espectáculos e as bibliotecas, arquivos e museos**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	Empregos equivalentes a tempo completo
Artes escénicas	9001	8,03	1658
Actividades auxiliares das artes escénicas	9002	2,59	535
Creación artística e literaria	9003	5,37	1109
Xestión de salas de espectáculos	9004	0,39	81
Actividades de museos	9102	1,03	212
Actividades de bibliotecas	9105	1,03	212
Actividades de arquivos	9106	0,21	44
<b>Total</b>			<b>3851</b>

Fonte: Elaboración propia

Existen 3851 empregos equivalentes a tempo completo asociados a este tipo de actividades. As relacionadas coas artes escénicas contan cunha maior proporción de emprego, un 8,03 % da afiliación sobre a rama contable e 1658 postos de traballo equivalentes a tempo completo, seguidas polas actividades de creación artística e literaria, que contan con 1109 empregos, e as auxiliares das artes escénicas, que xeran 535 postos de traballo. Tanto as actividades de museos como as de bibliotecas coinciden no número de persoal empregado (212). Á xestión de salas de espectáculos correspóndenlle 81 empregos, mentres que as actividades de arquivos teñen unha proporción dun 0,21 % e 44 persoas empregadas.

**VEB nas actividades das artes escénicas, as auxiliares das artes escénicas, a creación artística e literaria, a xestión de salas de espectáculos e as bibliotecas, arquivos e museos**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Artes escénicas	9001	5,51	64 413
Actividades auxiliares das artes escénicas	9002	1,76	20 536
Creación artística e literaria	9003	1,90	22 214
Xestión de salas de espectáculos	9004	0,19	2182
Actividades de museos	9102	1,09	12 741
Actividades de bibliotecas	9105	1,22	14 245
Actividades de arquivos	9106	0,10	1187
<b>Total</b>			<b>116 982</b>

Fonte: Elaboración propia

Os resultados do valor engadido bruto mostran que, sobre un total de case 117 millóns de euros, a actividade das artes escénicas é a que ten o maior peso, con máis de 64,4 millóns de euros, seguida da de creación artística e literaria, por riba dos 22,2 millóns, e as auxiliares das artes escénicas, con 20,5 millóns. As actividades de bibliotecas e museos superan os 14,2 e 12,7 millóns de euros, respectivamente, mentres que a menor proporción lles corresponde ás actividades de arquivos, con pouco menos de 1,2 millóns.

Na análise do emprego das actividades das axencias de publicidade e das axencias de noticias, extráense os seguintes datos:

**Emprego nas actividades das axencias de publicidade e as axencias de noticias**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	Empregos equivalentes a tempo completo
Axencias de publicidade	7311	71,33	2141
Axencias de noticias	6391	0,48	55

Fonte: Elaboración propia

As axencias de publicidade representan un 71,3 % do emprego total sobre a rama contable, con 2141 empregos equivalentes a tempo completo. No caso das actividades das axencias de noticias, estas apenas representan un 0,48 % do emprego total na rama contable e uns 55 empregos equivalentes a tempo completo.

En canto ao VEB, obtéñense as seguinte magnitudes:

**VEB nas actividades das axencias de publicidade e as axencias de noticias**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Axencias de publicidade	7311	72,17	65 526
Axencias de noticias	6391	0,48	2385

Fonte: Elaboración propia

O VEB total das actividades das axencias de publicidade supera os 65,5 millóns de euros, mentres que, no caso das axencias de noticias, a proporción do VEB que estas actividades achegan á súa rama contable é tamén modesta, xa que ascende a 2,4 millóns de euros.

A continuación analízanse os datos do emprego das actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión.

**Emprego das actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	Empregos equivalentes a tempo completo
Actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	5912	2,43	69
Actividades de exhibición cinematográfica	5914	11,43	325
Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	5915	24,57	698
Actividades de produción de programas de televisión	5916	6,24	177
Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo	5917	1,20	34
Actividades de distribución de programas de televisión	5918	0,15	4
Actividades de gravación de son e edición musical	5920	2,98	85
Actividades de radiodifusión	6010	14,70	417
Actividades de programación e emisión de televisión	6020	36,30	1030
Total			2839

Fonte: Elaboración propia

Os resultados mostran que este tipo de actividades conta cun total de 2839 empregos equivalentes a tempo completo. Delas, as relacionadas coa programación e emisión de televisión son as que teñen un maior

número de postos de traballo (1030), seguidas polas de produción cinematográfica e vídeo, con 698, e de radiodifusión, con 417. A actividade con menor número de empregos é a de distribución de programas de televisión, cun total de 4.

**VEB das actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión**

Actividade	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	5912	3,55	5711
Actividades de exhibición cinematográfica	5914	6,82	10 958
Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	5915	18,43	29 601
Actividades de produción de programas de televisión	5916	6,46	10 370
Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo	5917	2,43	3900
Actividades de distribución de programas de televisión	5918	0,12	197
Actividades de gravación de son e edición musical	5920	3,15	5068
Actividades de radiodifusión	6010	12,12	19 472
Actividades de programación e emisión de televisión	6020	46,92	75 377
<b>Total</b>			<b>160 653</b>

Fonte: Elaboración propia

No conxunto, as actividades relacionadas coa televisión, a cinematografía e o son contribúen cun total de 160 653 miles de euros ao VEB. Por orde, as actividades de programación e emisión de televisión achegan un 46,9 % e máis de 75,3 millóns de euros, seguidas polas de produción cinematográfica e vídeo, cun 18,4 % e 29,6 millóns, e as de radiodifusión, que representan un 12,12 % e máis de 19,4 millóns. As actividades de exhibición cinematográfica supoñen un 6,8 % e as de produción de programas de televisión, un 6,5 %. Pola súa banda, as actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, así como as de gravación de son e edición musical e as de distribución cinematográfica e de vídeo, contribúen cun 3,6 %, 3,3 % e 2,4 %, respectivamente. As actividades de distribución de programas de televisión e de distribución cinematográfica e de vídeo contribúen cun 0,12 % e un 2,43 %, respectivamente.

A continuación amósase o agregado de todas as actividades consideradas.

**Total das industrias da cultura e dos medios de comunicación**

Empregos equivalentes a tempo completo	15 241
VEB a custo de factores (miles de euros)	543 519

Fonte: Elaboración propia

Tomadas en conxunto, estímase que as industrias da cultura e dos medios de comunicación de Galicia xeran 15 241 empregos equivalentes a tempo completo e un VEB de máis de 543,5 millóns de euros.

**4.2. Producción en galego das industrias culturais e os medios de comunicación**

Neste apartado móstranse as porcentaxes que se aplican nas actividades das industrias culturais e os medios de comunicación a partir da media ponderada por tamaño de cada entidade, xunto co seu intervalo de confianza. Estes datos indican a proporción da actividade en galego das ditas áreas. Os resultados son os seguintes:

**Proporción da actividade en galego das industrias culturais e os medios de comunicación**

	Media ponderada (%)	Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada	
		Límite inferior (%)	Límite superior (%)
Artes gráficas	18,8	9,6	28,0
Comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados	23,5	15,9	31,1
Edición de libros, xornais e revistas e outras actividades editoriais	51,6	31,0	72,2
Artes escénicas, actividades auxiliares das artes escénicas, creación artística e literaria e xestión de salas de espectáculos	70,3	61,3	79,4
Actividades de bibliotecas, arquivos e museos	72,2	56,2	88,2
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión	69,2	46,8	91,5
Actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade	34,9	23,7	46,1

Fonte: Elaboración propia

Os datos da media de produción en galego para cada industria e medio de comunicación varían de xeito importante. A porcentaxe máis elevada é a que corresponde ás actividades de bibliotecas, arquivos e museos, cun 72,2 % de media. As artes escénicas, as actividades auxiliares destas, a creación artística e literaria e a xestión de salas de espectáculos son as segundas con maior peso na produción en galego (70,3 %), seguidas das actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión, que sitúan o seu labor neste idioma nun 69,2 %. A edición de libros, xornais e revistas e outras actividades editoriais teñen unha media de produción en lingua galega dun 51,6 %, mentres que as actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade acadan un 34,9 %. O comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados e as artes gráficas son as actividades que contan cunha menor produción en galego, cun 23,5 % e un 18,8 % respectivamente.

Como se pode observar, tamén se inclúen os límites inferiores e superiores do intervalo de confianza ao 95 % para cada media ponderada. As diferenzas nos límites varían moito segundo a actividade.

En calquera caso, tal e como se pode apreciar, as actividades que mostran unha produción proporcionalmente menor en galego son aquelas relacionadas coas artes gráficas e co comercio cultural. As que teñen unha proporción maior son as relacionadas coas bibliotecas, co audiovisual e coas artes escénicas e as actividades creativas.

#### **4.3. VEB e emprego da actividade en lingua galega das industrias culturais e os medios de comunicación**

Neste apartado descríbense o cálculo do VEB e o número de empregos equivalentes a tempo completo xerados na produción en lingua galega nas industrias culturais e os medios de comunicación de Galicia. A seguinte táboa contén información sobre as diferentes actividades económicas, o número de empregos e o resultado, cun intervalo de confianza do 95 % para a media ponderada do emprego equivalente a tempo completo.

**Emprego na actividade das industrias culturais e dos medios de comunicación en lingua galega**

Actividade	CNAE	Empregos equivalentes a tempo completo	Intervalo de confianza do 95 % para a media ponderada	
Artes gráficas	1811	509	261	757
	1812			
	1813			
	1814			
Comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados	4761	436	295	576
	4762			
	4763			
	5811			
Edición de libros, xornais e revistas e outras actividades editoriais	5813	912	548	1277
	5814			
	5819			
	9001			
Artes escénicas, actividades auxiliares das artes escénicas, creación artística e literaria e xestión de salas de espectáculos	9002	2380	2075	2684
	9003			
	9004			
	9102			
Actividades de bibliotecas, arquivos e museos	9105	338	263	413
	9106			
	5912			
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión	5914	1963	1328	2598
	5915			
	5916			
	5917			
	5920			
	6010			
	6020			
Actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade	7311	767	522	1012
	6391			

Fonte: Elaboración propia

As actividades que xeran máis emprego atribuíble á lingua galega son as relacionadas coas artes escénicas, as actividades creativas e os espectáculos, con 2380 empregos equivalentes a tempo completo. A continuación está todo o relacionado coa industria audiovisual, con 1963 empregos. As actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade xeran 767 empregos equivalentes a tempo completo. Por outra banda, as actividades con menos empregos son as de artes gráficas (509), seguidas das do comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados, con 436, e as das bibliotecas, arquivos e museos, con 338 empregos.



**VEB na actividade das industrias culturais e dos medios de comunicación en lingua galega**

Actividade	CNAE-2009	VEB medio (miles de euros)	Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada do VEB (mi- les de euros)	
Artes gráficas	1811	16 812	8612	25 012
	1812			
	1813			
	1814			
Comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados	4761	7822	5300	10 344
	4762			
	4763			
	5811			
Edición de libros, xornais, revistas e outras actividades editoriais	5813	38 604	23 175	54 032
	5814			
	5819			
Artes escénicas, actividades auxiliares das artes escénicas, creación artística e literaria e xestión de salas de espectáculos	9001	76 917	67 067	86 767
	9002			
	9003			
	9004			
Actividades de bibliotecas, arquivos e museos	9102	20 336	15 821	24 852
	9105			
	9106			
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión	5912	111 096	75 158	147 034
	5914			
	5915			
	5916			
	5917			
	5920			
Actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade	6010	23 711	16 125	31 296
	6020			
	7311			
	6391			

Fonte: Elaboración propia

As actividades relacionadas coas industrias culturais e os medios de comunicación en lingua galega que presentaron un maior VEB foron as relativas ás actividades audiovisuais, cun VEB medio de 111,1 millóns de euros. A continuación situaríanse as actividades das artes escénicas, as artísticas e os espectáculos, con algo máis de 76,9 millóns. Tamén destacaron as actividades de edición, con 38,6 millóns de euros, así como as actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade, cun VEB medio de 23,7 millóns. Por último, as actividades con menor achega ao VEB atribuíble á lingua galega foron as de artes gráficas (16,8 millóns de euros), as de

bibliotecas, arquivos e museos (20,3 millóns) e o comercio a retallo de produtos culturais (7,8 millóns).

**Distribución da achega ao VEB e do emprego medios da actividade das industrias culturais e dos medios de comunicación en lingua galega**

Actividade	VEB medio (miles de euros)	%	Empregos equiva- lentes a tempo completo	%
Artes gráficas	16 812	5,7	509	7,0
Comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados	7822	2,6	436	6,0
Edición de libros, xornais, revistas e outras actividades editoriais	38 604	13,1	912	12,5
Artes escénicas, actividades auxiliares das artes escénicas, creación artística e literaria e xestión de salas de espectáculos	76 917	26,1	2380	32,6
Actividades de bibliotecas, arquivos e museos	20 336	6,9	338	4,6
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical e de programación e emisión de radio e televisión	111 096	37,6	1963	26,9
Actividades das axencias de noticias e axencias de publicidade	23 711	8,0	767	10,5
<b>TOTAL</b>	<b>295 298</b>	<b>100,0</b>	<b>7304</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Elaboración propia

En canto á distribución, dos preto de 300 millóns de euros de VEB en lingua galega, obsérvase que as actividades que máis VEB achegan son as relacionadas co audiovisual, concretamente un 37,6 %, seguidas das artes escénicas e as actividades creativas e de espectáculos, cun 26,1 %. Se se considera a distribución do emprego, ocupan a primeira posición estas últimas, con case un de cada tres postos laborais, precisamente por seren unhas actividades máis intensivas en xeración de traballo.

A achega en conxunto das actividades en lingua galega é a que se observa na seguinte táboa.

**VEB e emprego medios da actividade das industrias culturais e dos medios de comunicación**

Empregos equivalentes a tempo completo	15 241
VEB (miles de euros)	543 519
VEB medio (miles de euros) para a produción en lingua galega	295 298
En porcentaxe do total	54,3 %
Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada do VEB (miles de euros)	Li 211 259 Ls 379 337
Empregos equivalentes a tempo completo para a produción en lingua galega	7304
En porcentaxe do total	47,9 %
Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada do emprego equivalente a tempo completo	Li 5291 Ls 9318

Fonte: Elaboración propia

Segundo estes cálculos, a actividade das industrias culturais e dos medios de comunicación xera en Galicia un volume de 543,5 millóns de euros de VEB e 15 241 empregos equivalentes a tempo completo. Destes, por termo medio, un 54,3 % do total do VEB e un 47,9 % do total de emprego poden atribuírse á produción en lingua galega. Os rangos do intervalo de confianza para a media ponderada do VEB e do emprego son, respectivamente, de 211,3 a 379,3 millóns de euros e de 5291 a 9318 empregos equivalentes a tempo completo.

Se se teñen en conta os resultados calculados sobre as medias ponderadas, as cifras indican que a lingua galega achega 7304 empregos equivalentes a tempo completo e 295,3 millóns de euros ao VEB dentro das actividades das industrias culturais e dos medios de comunicación.

## **5. ESTIMACIÓN DA PRODUCCIÓN VINCULADA AO GALEGO DAS INDUSTRIAS DA LINGUA**

Para os efectos deste traballo, a industria da lingua enténdese que está formada polas entidades que usan a lingua como fin en si mesmo para desenvolver a súa actividade. Este apartado recolle información sobre as actividades relacionadas coa tradución e a interpretación, o ensino da lingua, as tecnoloxías da linguaxe e a normativa da lingua. O contido deste capítulo abrangue as actividades realizadas por institucións ou entidades vinculadas ao ensino da lingua, tanto as de ámbito público (escolas oficiais de idiomas) como as de ámbito privado (academias de idiomas). Tamén se incorporan datos do organismo que regula o uso normativo do galego (Real Academia Galega), así como das empresas que ofrecen servizos de tradución e interpretación, asesoría lingüística, procesamento da linguaxe natural etc.

### **5.1. Tradución e interpretación**

As actividades de tradución e interpretación están incluídas na subepígrafe 7430 da CNAE-2009, dentro da rama de actividade máis xenérica (a dous díxitos) 74\_75, denominada «Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias».

Para esta actividade séguese o mesmo procedemento que o empregado nos cálculos referidos á industria da cultura e dos medios de comunicación. Calcúlase o peso relativo da subepígrafe dentro da rama contable a partir das afiliacións á Seguridade Social en Galicia en 2019 e aplícanse os resultados á contabilidade rexional para, deste xeito, obter a estimación que se presenta na seguinte táboa, correspondente ao emprego a tempo completo.

**Emprego nas actividades de tradución e interpretación**

	Tradución e interpretación
CNAE	7430
Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	5,38
Empregos equivalentes a tempo completo	405,69

Fonte: Elaboración propia

Tal e como se pode observar, segundo este procedemento, as actividades de tradución e interpretación en Galicia supoñen uns 405 empregos equivalentes a tempo completo.

Logo obtense o VEB, de acordo coa estatística estrutural de empresas do sector servizos do INE, supoñendo que Galicia ten a mesma estrutura interna que España en canto á produtividade das subepígrafes situadas dentro da rama 74\_5.

**VEB nas actividades de tradución e interpretación (miles de euros)**

	Tradución e interpretación
CNAE-2009	7430
Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	3,78
VEB a custo de factores (miles de euros)	24 479,63

Fonte: Elaboración propia

Para o cálculo da produción en idioma galego desta actividade, a proporción que lles corresponde ás actividades de tradución nesta lingua obtense da mesma enquisa do CCG que se describe na metodoloxía. O cálculo que se deriva é o da porcentaxe declarada de produción en galego ponderada polo tamaño de cada entidade. Os resultados son os que se detallan na seguinte táboa.

**Proporción da actividade en galego de tradución e interpretación**

		Tradución e interpretación
Media ponderada (%)		17,9
Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada	Límite inferior (%)	0,0
	Límite superior (%)	42,5

Fonte: Elaboración propia

Tal e como se pode apreciar, o dato obtido é dun 17,9 % de produción media, o que significa que esa é a produción media en lingua galega

atribuíble ás actividades de tradución e interpretación. A continuación deállase o cálculo do emprego xerado.

**Achega ao emprego nas actividades de tradución e interpretación en lingua galega**

Tradución e interpretación		
Empregos equivalentes a tempo completo		72,78
Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada	Límite inferior	0
	Límite superior	172,5

Fonte: Elaboración propia

Segundo o resultado medio, as actividades de tradución e interpretación xeran algo máis de 72 empregos equivalentes a tempo completo.

Seguindo o procedemento, calcúlase o VEB:

**Achega ao emprego nas actividades de tradución e interpretación en lingua galega**

Tradución e interpretación		
VEB (miles de euros)		4391,89
Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada	Límite inferior	0
	Límite superior	10 408,74

Fonte: Elaboración propia

Tal e como se pode apreciar, as actividades de tradución e interpretación atribuíbles á lingua galega supoñen un VEB medio de case 4,4 millóns de euros.

## 5.2. Actividades de regulación da lingua

En canto ás actividades de regulación da lingua, a Real Academia Galega (RAG) ten entre as súas funcións establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega (Lei 3/1983, de normalización lingüística), así como a elaboración da norma gramatical, ortográfica e fónica; o inventario, modernización e actualización do léxico e a proposta dun dicionario de uso, cun obxectivo fundamental dirixido á defensa e promoción do idioma galego.

Desde o punto de vista da contabilidade de Galicia, trátase dunha entidade privada que se sitúa na rama 94 (actividades asociativas), máis en concreto na clase da CNAE-2009 9499, denominada «Outras actividades asociativas n.c.o.p.». A RAG contaba en 2019 con 25 traballadores e un

orçamento total de 1,1 millóns de euros, do cal ao redor dun 72,5 % se destina a gastos de persoal.

**Emprego, orzamento e gastos de persoal nas actividades de regulación da lingua galega**

	Regulación da lingua galega
Rama	94 (actividades asociativas)
CNAE	9499
Nº de traballadores a tempo completo	25
Orzamento (millóns de euros)	1,1
Porcentaxe de gastos de persoal	72,5

Fonte: Elaboración propia

Na actividade 9499 están máis da metade das persoas afiliadas da rama 94, o que equivale, en termos de contabilidade rexional, a 3879 empregos a tempo completo en 2019. De aí que a RAG supoña un 0,64 % do emprego da epígrafe correspondente. Esta información sería relevante de termos algunha fonte adicional que permitise descompoñer a información dispoñible en función das actividades da CNAE-2009 a máis dítos, tal e como se fixo no capítulo 4. Neste caso non é posible, polo que é preciso supoñer homoxeneidade en toda a rama 94 por ausencia de información máis detallada. Xa que logo, dado que a contabilidade rexional amosa unha produtividade de 50,27 miles de euros en 2019 (VEB/postos de traballo a tempo completo) para a rama 94, que se supón esa produtividade para a RAG e que os 25 empregados son a tempo completo, obtense un resultado para o VEB de 1256,78 miles de euros correspondentes á anualidade de referencia.

**Achega ao VEB e ao emprego nas actividades de regulación da lingua galega**

	Regulación da lingua (Real Academia Galega)
CNAE-2009	9499
VEB (miles de euros)	1256,78
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	25

Fonte: Elaboración propia

En resumo, as actividades de regulación da lingua achegan algo máis de 1,2 millóns de euros ao VEB e 25 postos de traballo equivalentes a tempo completo.

### 5.3. Escolas oficiais de idiomas

As escolas oficiais de idiomas en Galicia desempeñan un papel importante na ensinanza de linguas. Imparten cursos oficiais de diferentes niveis, seguindo un plan de estudos e un programa establecidos, axustados ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. O seu obxectivo principal é promover a adquisición de competencias comunicativas orais e escritas nas linguas que imparten, tanto para persoas galegas como estranxeiras. Ademais, realizan exames oficiais para a obtención de certificados e títulos recoñecidos a nivel nacional e internacional.

O ensino da lingua galega nas escolas oficiais de idiomas da Galicia segue un currículo específico regulado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Os cursos abranguen diferentes niveis de competencia, desde o básico ata o avanzado, e ensinan habilidades como comprensión oral, lectura e expresión oral e escrita, ademais de aspectos gramaticais, vocabulario e cultura galega.

A seguinte táboa dá conta das cifras de profesorado das escolas oficiais de idiomas en Galicia.

**Profesorado de idiomas en Galicia (2018-19)**

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	499	198	73	55	173
Cátedras de EOI	24	13	0	2	9
Profesorado de EOI	467	181	71	52	163
Profesorado de educación secundaria	8	4	2	1	1
Profesorado auxiliar estranxeiro	0	0	0	0	0
Outro profesorado	0	0	0	0	0

Fonte: Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional

Na comunidade galega imparten clases de idiomas un total de 499 profesores/as, dos cales un 98,4 % exerce no profesorado das escolas oficiais de idiomas e 24 como catedráticos/as deste tipo de entidades. Na distribución por provincias obsérvase un maior volume de profesorado na Coruña (39,7 %) e en Pontevedra (34,7 %).

A partir destes resultados estímase que os 499 empregos son a tempo completo. A razón é que probablemente, pese a que pode resultar



unha sobreestimación (con seguridade algúns traballadores non teñan dedicación completa), ao carecermos do dato do número de persoal non docente adscrito, este procedemento de cálculo segue sendo conservador.

A relación coas contas económicas desta actividade atópase na rama 85NM (educación de non-mercado), que recolle 41 217 empregos a tempo completo en 2019. Xa que logo, as escolas de idiomas supoñen un 1,21 % dese emprego.

Para a imputación do VEB asociado suponse que as actividades de educación de non-mercado teñan a mesma produtividade independentemente do nivel formativo, dado que non hai información para distinguir por actividades económicas con maior detalle, polo que se obteñen os seguintes resultados para a anualidade de referencia.

**VEB nas actividades das escolas oficiais de idiomas (miles de euros)**

	Escolas oficiais de idiomas
CNAE	8531
Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	1,21
VEB a custo de factores (miles de euros)	29 211,36

Fonte: Elaboración propia

As actividades das escolas oficiais de idiomas xeran algo máis de 29 millóns de euros de VEB.

Para obter o cálculo do coeficiente de galego neste subámbito, acódesse á estatística «Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado», co fin de coñecer a cifra de alumnado por lingua. Nas escolas oficiais de idiomas en Galicia realizáronse un total de 26 112 matrículas no curso 2018-2019, un 64,5 % das cales corresponden ao inglés, seguido do francés (11,3 %), o alemán (6,2 %), o italiano (5,5 %) e o portugués (4,3 %).

**Número de matrículas en escolas oficiais de idiomas en Galicia (réxime presencial)**

Total de alumnado <sup>23</sup>	26 112
Alemán	1627
Árabe	105
Chinés	310
Francés	2949
Inglés	16 835
Italiano	1434
Xaponés	495

<sup>23</sup> O alumnado que cursa máis dunha lingua contabilízase nas diferentes linguas que cursa.

Total de alumnado <sup>23</sup>	26 112
Portugués	1131
Ruso	60
Español como lingua estranxeira	443
Galego	723

Fonte: Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional

De acordo cos datos relativos á cifra de alumnado matriculado en galego no curso 2018-2019, houbo 723 persoas inscritas dun total de 26 112 estudantes, o que supón un 2,77 %<sup>24</sup>. Este sería o coeficiente de galego que se aplicaría no cálculo.

#### **Achega ao VEB e ao emprego nas actividades en lingua galega das escolas oficiais de idiomas**

	Escolas oficiais de idiomas
CNAE	8531
VEB (miles de euros)	808,82
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	13,82

Fonte: Elaboración propia

Aplicadas as proporcións, compróbase que as actividades das escolas oficiais de idiomas xeran 13,82 postos de traballo a tempo completo e 808,82 miles de euros de VEB asociados ao galego en 2019.

#### **5.4. Academias de idiomas**

As academias de idiomas en Galicia son centros privados que ofrecen ensinanza de idiomas de forma complementaria ou alternativa ás escolas oficiais de idiomas. Adoitan brindar unha ampla variedade de linguas, incluídos os idiomas máis demandados, como inglés, francés, alemán, italiano e portugués, así como outras linguas menos comúns. Algunhas especialízanse na preparación para exames oficiais, como son os cursos específicos; son exemplos disto os certificados de Cambridge (inglés), DELE (español) ou DELF e DALF (francés), entre outros. Algunhas academias de idiomas

---

<sup>24</sup> Dado o elevado coñecemento do idioma pola maioría dos galegos, é normal que o número de inscritos para coñecer o galego sexa baixo en relación con outros destinos nos que existe un menor coñecemento da lingua minoritaria.

tamén ofrecen clases de lingua galega. Estas aulas están dirixidas tanto a persoas que desexan aprender galego como lingua estranxeira como a aquelas que buscan mellorar o seu nivel de competencia neste idioma.

As clases de lingua galega nas academias adoitan seguir un enfoque semellante ao doutras linguas. Algunhas academias tamén ofrecen cursos específicos para a preparación de exames oficiais de lingua galega, como o Celga (certificado de coñecemento de lingua galega), que acredita o nivel de competencia en galego segundo os estándares establecidos.

As academias de linguas clasifícanse pola súa actividade na CNAE-2009 coa epígrafe 8559, «Outra educación n.c.o.p». Se se ten en conta a distribución da CNAE-2009 a catro díxitos, é esperable que esta actividade estea composta de xeito maioritario por actividades privadas. A limitación principal das fontes manexadas é que non é posible distinguir directamente a actividade específica de ensino de linguas, dado que comparte epígrafe con moitos outros tipos de ensinanzas. É por isto polo que, a partir dos datos do SABI, do total de empresas clasificadas primariamente como 8559, se fixo unha depuración para distinguir cales se dedicaban ao ensino de linguas. De novo, trátase dun procedemento que tende a subestimar as cifras, pois non todas as academias de idiomas de Galicia están recollidas nesa base, malia que si a maioría e, desde logo, si se inclúen todas as máis grandes en termos de produción e emprego. Igualmente, os empregos detectados estímense a tempo completo.

Os resultados proveñen de 107 escolas de idiomas privadas e academias con actividade en 2019, as cales notifican 729 postos de traballo que se supoñen a tempo completo.

#### **Emprego nas actividades das academias de idiomas**

	Academias de idiomas
CNAE	8559
Porcentaxe de emprego sobre a rama contable	4,26
Empregos equivalentes a tempo completo	729

Fonte: Elaboración propia

A relación desta actividade coas contas económicas está na rama 85M, «Educación de mercado». Este conxunto de actividades contabiliza 17115 empregos a tempo completo en 2019. Polo tanto, se se toman en

consideración as limitacións expostas, as academias de idiomas supoñen un 4,26 % da rama en 2019.

Para a imputación do VEB asociado, suponse que as actividades de educación de mercado teñen a mesma produtividade independentemente do nivel formativo, posto que, máis unha vez, non se dispón de información para distinguir os niveis. Neste caso, non foi posible usar a descomposición do sector por afiliacións á Seguridade Social, xa que, sobre todo nas subepígrafes da CNAE-2009 8510 e 8544, se atopan traballadores do sector público e do privado (con moito máis peso do público por cantidade de alumnado). Ademais, segundo as contas económicas anuais de Galicia, a produtividade da rama de non-mercado é moi superior á da rama de mercado.

**VEB nas actividades das academias de idiomas (miles de euros)**

	Academias de idiomas
CNAE	8559
Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	4,26
VEB a custo de factores (miles de euros)	30 561,01

Fonte: Elaboración propia

Ao ter en conta todo o exposto, pódese concluír que as academias de idiomas xeraron un VEB de 30,5 millóns de euros en 2019.

Para o cálculo da cantidade de produción que a lingua galega supón dentro desta actividade, non hai datos. Igual que no caso do cálculo do valenciano, tómase como referencia a matrícula nas escolas oficiais de idiomas (2,77 %) por considerarse unha estimación realista.

**Achega ao VEB e ao emprego nas actividades en lingua galega das academias de idiomas**

	Academias de idiomas
CNAE	8531
VEB (miles de euros)	846,19
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	20,18

Fonte: Elaboración propia

Isto tradúcese en 20,18 traballadores a tempo completo e 846,19 miles de euros de VEB asociados ao galego en 2019.

## 5.5. Tecnoloxías da lingua

As tecnoloxías da lingua, tamén coñecidas como tecnoloxías lingüísticas ou procesamento da linguaxe natural, son un conxunto de ferramentas, aplicacións e recursos informáticos que permiten procesar, analizar e xerar linguas naturais. Estas tecnoloxías abranguen un amplo abano de ámbitos, como a tradución automática, o recoñecemento de voz, a síntese vocal e a corrección ortográfica e gramatical, entre outros.

A presenza das tecnoloxías da lingua en Galicia experimentou un notable crecemento nos últimos anos. A tradución automática e os correctores ortográficos e gramaticais en galego, así como a dispoñibilidade de teclados virtuais e aplicacións específicas para a escrita en galego, facilitan a correcta expresión escrita nesta lingua e contribúen a asegurar a súa calidade. As tecnoloxías da fala tamén gañaron protagonismo. Os recoñecedores de voz e os sistemas de síntese vocal en galego permiten interactuar con dispositivos e aplicacións mediante comandos orais e obter resposta inmediata, o que enriquece a experiencia de uso do idioma.

Existe unha presenza importante de actividade relacionada co procesamento da linguaxe natural en lingua galega dentro das universidades galegas. Porén, sería incorrecto imputar esa produción de novo neste apartado, dado que as actividades educativas se computan dentro do seu capítulo específico. Polo tanto, para efectos de cálculo deste apartado, téñense en conta unicamente as empresas dedicadas a actividades relacionadas coa industria da lingua que mostrasen algún nivel de produción en lingua galega en 2019. Este procedemento exclúe todas as empresas dedicadas ao procesamento da linguaxe natural con sede en Galicia que non producen en galego. Entre as que si o fan pasouse unha enquisa para determinar a porcentaxe da súa produción atribuíble á lingua galega. Trátase unicamente de dúas sociedades que se atopaban activas en 2019 e que tiñan produción en lingua galega nese ano, cun total de seis persoas empregadas a tempo completo. Estas empresas están incluídas na epígrafe 6201, «Actividades de programación informática», dentro da rama «Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información», que aglutina 1974 empregos a tempo completo en Galicia na anualidade de referencia.

**Emprego na actividade de tecnoloxías da lingua<sup>25</sup>**

	Tecnoloxías da lingua
CNAE	6201
Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	0,3
Empregos equivalentes a tempo completo	6

Fonte: Elaboración propia

Con estes datos, ao igual que se fixo para a tradución e a interpretación, aplícase a metodoloxía do apartado 4 para obter o VEB, supoñendo que Galicia ten a mesma estrutura interna e a mesma produtividade que España a partir de enquisa *Estadística estrutural de empresas: sector servizos*, do INE.

**VEB na actividade de tecnoloxías da lingua**

	Tecnoloxías da lingua
CNAE	6201
Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	0,06
VEB (miles de euros)	346,86

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe de galego que se aplica é do 80 %, pois é a que as empresas que realizan esta actividade din que se factura en galego, resposta que é idéntica nas empresas consultadas. Aplicada este proporción, obtense o resultado:

**Achega ao VEB e ao emprego nas actividades en lingua galega das tecnoloxías da lingua**

	Tecnoloxías da lingua
CNAE	6201
VEB (miles de euros)	277,49
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	4,8

Fonte: Elaboración propia

<sup>25</sup> Como se indicou, só se teñen en conta as empresas que mostraban algún tipo de actividade en lingua galega. Neste cálculo non se recollen aquelas sociedades que tivesen algún tipo de actividade relacionada co procesamento de linguaxe natural en 2019 sen presenza da lingua galega. Trátase, polo tanto, dunha subestimación.

Tal e como se pode apreciar, estas actividades en lingua galega xeran aproximadamente 277 500 euros de VEB e empregan 4,8 persoas a tempo completo.

## 5.6. VEB e emprego das actividades en lingua galega das industrias da lingua

A continuación indícanse os valores do subsector das industrias da lingua en conxunto. En primeiro lugar, achégase información sobre a distribución interna das actividades descritas no capítulo.

### Distribución da achega ao VEB e do emprego medios das actividades das industrias da lingua en lingua galega

Actividade	VEB medio (miles de euros)	%	Empregos equivalentes a tempo completo	%
Tradución e interpretación	4392	57,9	73	53,3
Actividades de regulación da lingua	1257	16,6	25	18,3
Escolas oficiais de idiomas	809	10,7	14	10,1
Academias de idiomas	846	11,2	20	14,8
Tecnoloxías da lingua	277	3,3	5	3,5
Total	7581	100,0	137	100,0

Fonte: Elaboración propia

Dos algo máis de 7,5 millóns de euros de VEB en lingua galega, obsérvase que as actividades que máis achegan á produción son as de tradución e interpretación, cun 57,9 %, as cales achegan tamén máis da metade do emprego.

A contribución en conxunto das actividades en lingua galega é a que se observa na seguinte táboa, en relación co total das ditas actividades.

### VEB e emprego medios da actividade das industrias da lingua

Empregos equivalentes a tempo completo	1665
VEB (miles de euros)	85 856
VEB medio (miles de euros) para a produción en lingua galega	7581
En porcentaxe do total	8,8 %
Empregos equivalentes a tempo completo para a produción en lingua galega	137
En porcentaxe do total	8,2 %

Fonte: Elaboración propia

O número total de empregos equivalentes a tempo completo é de 1665 na actividade das industrias da lingua, dos cales un 8,2 % son imputables a postos de traballo para a produción en lingua galega, concretamente 137. Así mesmo, o VEB para este sector calcúlase nuns 85 millóns de euros, dos cales un 8,8 % se corresponde coa produción en lingua galega.



## **6. ESTIMACIÓN DA PRODUCCIÓN VINCULADA AO GALEGO NA EDUCACIÓN**

Neste capítulo abórdanse as características do subsector da educación na comunidade galega. O apartado comeza cunha descrición das competencias da Xunta de Galicia e o seu marco de acción a través das diferentes normas que regulan o sistema formativo tanto no nivel non universitario como no universitario. No primeiro caso, enuméranse as diferentes etapas educativas, desde a educación infantil e primaria ata a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e os ciclos de formación profesional básica e de grao medio. Tamén se inclúe o papel dos axentes do sistema escolar, como administracións educativas, profesionais etc. No segundo caso, descríbese a educación universitaria cunha exposición das leis e normas que a rexen. Así mesmo, préstase atención ás actividades educativas das tres universidades galegas: Santiago de Compostela (USC), A Coruña (UDC) e Vigo (UVigo), baixo a análise das prácticas lingüísticas na docencia.

A Xunta de Galicia ten competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades grazas á aprobación do Real decreto 1763/1982<sup>26</sup>, do 24 de xullo, sobre traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, e de acordo co establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

O sistema educativo está regulado pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE). Esta norma, ademais de regulalo, establece a distribución de competencias educativas entre o Goberno e as comunidades autónomas. En Galicia desenvólvese por medio de decretos específicos<sup>27</sup>.

---

<sup>26</sup> <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1982-19649>.

<sup>27</sup> Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na comunidade autónoma galega, como no resto de España, a escolarización é obrigatoria e gratuíta nos centros públicos ata os 16 anos e a partir desta idade o alumnado pode optar por seguir estudando ou por incorporarse ao mundo laboral.

As ensinanzas que ofrece o sistema educativo son as seguintes: educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria (ESO), bacharelato, formación profesional (FP), educación de persoas adultas e ensinanzas universitarias. Ademais, bríndanse ensinanzas artísticas, deportivas e de idiomas, consideradas ensinanzas de réxime especial.

### **6.1. Educación non universitaria**

A oferta formativa do sistema educativo establece varias etapas, que abranguen a educación infantil (de 0 a 6 anos), que non é obrigatoria, e as etapas obrigatorias: educación primaria (de 6 a 12 anos) e educación secundaria (ESO) (de 12 a 16 anos). Por último, o ensino postobrigatorio comprende o bacharelato e a formación profesional.

No que respecta ao uso da lingua galega no ensino, este aspecto recóllese na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística<sup>28</sup>. O título III desta lei, denominado «Do uso do galego no ensino» (artigos de 12 a 17), establece no artigo 12.1 que o galego, ademais de ser a lingua propia de Galicia, é tamén a de todos os niveis educativos do ensino e, consecuentemente, dos niveis educativos non universitarios, de tal xeito que se garanta que o grao de competencia lingüística oral e escrita en lingua galega sexa o mesmo que o de lingua castelá nas etapas do ensino obrigatorio (art. 14).

O Decreto 79/2010<sup>29</sup>, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, recolle no preámbulo que o ensino se considera un contorno fundamental á hora de implantar novos ámbitos

---

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

<sup>28</sup> Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, *DOG* nº 84, do 14 de xullo de 1983, [https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3\\_1983.pdf](https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3_1983.pdf).

<sup>29</sup> Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2010/05/25/20100525\\_decreto\\_pluringuismo.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2010/05/25/20100525_decreto_pluringuismo.pdf).

lingüísticos en galego. No seu artigo 4 establécese que se garantirán a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia e o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nestas.

O uso da lingua galega nas aulas está determinado para cada etapa educativa. Así, na etapa de educación infantil, o profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado e procurará que, de forma oral e escrita, se garanta o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia.

No resto das etapas impartirase en galego a materia específica de Lingua Galega e Literatura cunha carga lectiva diferente segundo o nivel: catro horas semanais de 1º a 5º de educación primaria e tres horas semanais en 6º de EP, nos catro cursos da ESO e nos dous de bacharelato.

Esta norma regula que materias se impartirán obrigatoriamente en galego e en castelán. Así, en educación primaria ensinaranse en galego as materias de Coñecemento do Medio (Natural, Social e Cultural) e en castelán Matemáticas. Para as restantes materias do currículo, será cada centro educativo o que decida a lingua na que se van impartir en cada curso, sempre e cando se garanta que as que se ensinan en galego e as que se ensinan en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais.

Na educación secundaria son obrigatorias en galego dúas materias: Xeografía e Historia, e Bioloxía e Xeoloxía. En castelán impártense obrigatoriamente tres: Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química. Ao igual que en primaria, o centro distribuirá as demais materias entre o castelán e o galego gardando o equilibrio entre as dúas linguas.

Existe, ademais, unha terceira modalidade, que é a elixida por aqueles centros que introducen materias non lingüísticas impartidas en inglés ou noutros idiomas. Neste caso, os centros poden ofrecer ata un máximo dun terzo do seu horario lectivo semanal en linguas estranxeiras. Se optan por esta modalidade de ensino plurilingüe, deberán adaptar o proxecto educativo de maneira que, unha vez descontadas as materias que se imparten en inglés, o horario lectivo restante se reparta de forma equitativa entre o galego e o castelán.

No bacharelato, cada centro educativo, segundo o procedemento indicado no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada para impartir en galego e en castelán as materias comúns, as modalidades e as optativas na mesma porcentaxe, pero, agás as linguas, non existe a obrigatoriedade de impartir ningunha outra materia nun idioma concreto.

Por último, na formación profesional específica e nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais. En todos os módulos deberá asegurarse que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.

Para calcular o VEB e o emprego equivalente a tempo completo utilízase un procedemento diferente ao exposto nos capítulos 4 e 5 deste traballo polo tipo de datos que se usan.

A mellor fonte de tipo sociolingüístico dispoñible para poder determinar cal é o idioma utilizado na docencia é a Enquisa estrutural a fogares (EEF), na que as persoas que se atopan estudando indican a lingua na que reciben as clases no momento en que se fixo a enquisa. A desagregación non permite distinguir niveis académicos, pero si diferenzas por idade, concretamente cos seguintes intervalos: de 5 a 16 anos e de 17 ou máis anos. A partir desas idades, infírese o ciclo educativo (educación obrigatoria ou educación postobrigatoria).

Segundo os datos dispoñibles, distínguense, por unha banda, a educación primaria e a ESO, con alumnado de ata 16 anos en idade de escolarización obrigatoria, e, pola outra, o bacharelato e a formación profesional. Por falta de detalle, aplícase a mesma porcentaxe á pública que á privada, dado que a EEF non distingue entre a titularidade do ensino recibido, o cal tampouco é relevante para os resultados medios, xa que a mostra de alumnado está composta por persoas que asisten a todos os tipos de ensinanzas. Este procedemento implica que non sexa posible contabilizar a educación infantil por falta de información sobre a lingua da docencia. Ademais, o uso desta fonte comporta que se subestime en parte a produción en galego e, tamén, certa inexactitude nos niveis outorgados a cada persoa, debido a que pode haber maiores de 16 anos que cursan o ensino obrigatorio e, en menor

medida, menores de 17 en niveis postobrigatorios. Así mesmo, algúns dos individuos do grupo de maior idade atópanse, con toda probabilidade, nunha situación na que seguen estudos diferentes dos que se inclúen neste capítulo.

A información proporcionada pola EEF acerca da lingua na que se reciben as clases é de tipo cualitativo, por mor do cal se fai preciso recodificala de forma que represente unha proporción para a súa posterior aplicación. O cuestionario da enquisa marca con claridade tres puntos cuantitativos: «Todas en castelán», «Igual en galego ca castelán» e «Todas en galego», polo que en realidade só é preciso asignar valores ás respostas de «Maioritariamente en castelán» e «Maioritariamente en galego». Se se teñen en conta a estrutura das respostas do cuestionario e os tres puntos cuantitativos de referencia deste, óptase pola clásica codificación de cuartís, na que «Maioritariamente en castelán» se corresponde co valor do cuartil 1 e se lle asigna a proporción 0,25 e «Maioritariamente en galego» se corresponde co cuartil 3 e se lle asigna a proporción 0,75. Unha vez recodificada a variable, a porcentaxe que se aplica para cada intervalo de idade obtense como a media ponderada por número de estudantes. Así, os resultados da EEF da lingua na que reciben as clases as persoas que se atopaban estudando no momento de se facer a enquisa son os seguintes:

**Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que reciben as clases, por idade (2018)**

	Porcentaxe	Total	Coefficiente aplicado	Total	Porcentaxe aplicada
<i>De 5 a 16 anos</i>					
Todas en galego	1,03	2783	1	2783	
Maioritariamente en galego	9,13	24 626	0,75	18 469,50	
Igual en galego ca castelán	72,72	196 213	0,5	98 106,50	
Maioritariamente en castelán	15,68	42 313	0,25	10 578,25	
Todas en castelán	1,44	3897	0	0	
<b>Total</b>	<b>100,00</b>	<b>269 833</b>		<b>129 937,30</b>	<b>48,15</b>
<i>De 17 ou máis anos</i>					
Todas en galego	1,71	2579	1	2579	
Maioritariamente en galego	15,78	23 778	0,75	17 833,50	
Igual en galego ca castelán	36,03	54 273	0,5	27 136,50	
Maioritariamente en castelán	41,58	62 639	0,25	15 659,75	
Todas en castelán	4,9	7382	0	0	
<b>Total</b>	<b>100,00</b>	<b>150 652</b>		<b>63 208,75</b>	<b>41,96</b>
<i>Total</i>					
Todas en galego	1,28	5362	1	5362	
Maioritariamente en galego	11,51	48 405	0,75	36 303,75	

	Porcentaxe	Total	Coefficiente aplicado	Total	Porcentaxe aplicada
Igual en galego ca castelán	59,57	250 487	0,5	125 243,50	
Mayoritariamente en castelán	24,96	104 953	0,25	26 238,20	
Todas en castelán	2,68	11 279	0	0	
<b>Total</b>	<b>100,00</b>	<b>420 485</b>		<b>193 147,50</b>	<b>45,93</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Segundo os resultados recollidos na táboa anterior, un 1,03 % do alumnado galego de entre 5 e 16 anos de idade e un 1,71 % do de máis de 17 anos reciben todas as súas clases en lingua galega, fronte a un 1,44 % e un 4,9 % que as reciben só en castelán. As clases impartidas maioritariamente en galego chegan ata un 9,13 % do alumnado no primeiro treito de idade e a un 15,78 % no segundo. A educación en ambos os idiomas, igual en galego que en castelán, é moi superior entre as persoas de menor idade (de 5 a 16 anos), é dicir, para case un 73 % do alumnado, cifra que supón 36,4 puntos porcentuais por riba do valor correspondente ás persoas maiores de 17 anos. Xustamente neste último treito de idade, unha elevada porcentaxe do alumnado recibe as súas clases de xeito maioritario en castelán (41,6 %), o que implica unha diferenza de 26 puntos porcentuais con respecto ao alumnado de menor idade (15,68 %).

En xeral, tras a análise do total do alumnado, pódese afirmar que o ensino proporcionado equilibradamente en galego e castelán se estende a case un 60 % do alumnado galego, con porcentaxes máis elevadas para a opción de maioritariamente en castelán (24,96 %) que para a de maioritariamente en galego (11,51 %).

De acordo coas porcentaxes calculadas das clases recibidas polo alumnado en galego, en ningunha das etapas se acada exactamente o 50 %. Aínda así, poden observarse diferenzas, xa que, mentres que nas etapas de educación primaria e ESO (alumnos de entre 5 e 16 anos) é case a metade do alumnado a que recibe o ensino das materias en galego, no bacharelato e na formación profesional (alumnado de 17 e máis anos) esta porcentaxe se reduce en máis de sete puntos porcentuais. A media global, segundo este cálculo, sitúase nun 45,9 %.

Para a determinación do emprego da educación non universitaria atribuíble ao galego, pártese dos datos do curso 2018-2019 correspondentes a Galicia e procedentes do Ministerio de Educación e Formación

Profesional. Ademais, hai que diferenciar entre persoal docente e non docente (administrativo, subalterno etc.) no procedemento de cálculo, debido ao diferente tipo de información dispoñible.

En primeiro lugar, para o persoal docente utilízanse os datos das ensinanzas ordinarias ou de réxime xeral, xa que representan arredor dun 90 % do alumnado e un 94 % do profesorado<sup>30</sup>. Así, se se teñen en conta o profesorado e o alumnado en cada etapa educativa e segundo a titularidade do centro no curso 2018-2019, a repartición proporcional do profesorado por matrícula quedaría da seguinte forma:

**Profesorado das ensinanzas non universitarias por etapas educativas e titularidade dos centros**

	Centros públicos	Centros privados
Educación primaria	9267	3199
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	7120	2508
Bacharelato	3340	464
Formación profesional	4722	717
Total	24 449	6888

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional

Ao aplicárense os coeficientes de galego obtidos ás cifras de profesorado anteriores, os resultados son os que seguen:

**Profesorado atribuíble á lingua galega calculado segundo a etapa e a titularidade**

	Centros públicos	Centros privados
E. primaria e ESO	7890,94	2748,11
Bacharelato e FP	3382,93	495,83
Total	11 273,87	3243,93

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional e o IGE

Segundo estes resultados, habería 14 517 profesoras e profesoras imputables directamente á lingua galega. Trátase dun cálculo teórico baseado nas respostas do alumnado, dado que gran parte do profesorado imparte unhas clases en galego e outras en castelán, segundo o currículo escolar. Desta cifra, un 77,66 % procede da ensinanza pública e, en total, representa

<sup>30</sup> As escolas oficiais de idiomas analízanse no capítulo 5, que aborda as industrias da lingua. Hai profesorado que imparte docencia en ambas as modalidades.

un 46,33 % do total de docentes do réxime ordinario, excluída a educación infantil.

Polo tipo de fonte na que se basea este cálculo, non se pode determinar a dedicación de tales postos de traballo, pero si se pode afirmar, en calquera caso, que non son empregos a tempo completo na súa totalidade. Polo tanto, axústase o total de profesorado en galego nos centros públicos e privados usando os datos de dedicación por titularidade do centro do Ministerio de Educación e Formación Profesional<sup>31</sup>, supoñendo (tal e como se calculou nalgún dos estudos que serven de referencia<sup>32</sup>) que dous postos de traballo con dedicación parcial equivalen a un con dedicación completa. Dito todo isto, os resultados dos postos de traballo equivalentes a tempo completo atribuíbles á lingua galega son os que seguen:

**Empregos a tempo completo de docentes atribuíbles ao galego segundo a titularidade**

	Número de empregos
Centros públicos	11 163,95
Centros privados	2748,25
Total	13 912,21

Fonte: Elaboración propia

Con estes cálculos, no curso 2018/2019 había en Galicia 13 912,21 postos de traballo equivalentes a tempo completo atribuíbles ao ensino en lingua galega, un 45,97 % do total, excluído o ensino infantil. Destes datos conclúese que 11 163,95 empregos a tempo completo atribuíbles ao ensino en galego lles corresponden aos centros de titularidade pública, mentres que 2748,25 están adscritos a centros de titularidade privada.

Ademais do profesorado, existen 7828 postos non docentes vinculados a centros que imparten algún dos ciclos educativos considerados do réxime xeral, un 69,48 % en centros públicos e un 30,52 % nos privados, dos que non hai información accesible para saber se son a tempo completo ou non, nin datos que permitan asignalos ás diferentes etapas educativas por vinculación das actividades que realizan. Por iso, para imputar o persoal non docente vinculado co galego aos 7828 empregos, aplícaselles a porcentaxe

---

<sup>31</sup> Definen como dedicación completa aquela que significa polo menos un 75 % da xornada habitual.

<sup>32</sup> Concretamente, tal e como se procede no cálculo do valor económico do valenciano.



de docentes que resulta de imputar o galego sobre o total en termos equivalentes a tempo completo (45,97 %). A seguinte táboa recolle os resultados.

**Persoal non docente atribuíble ao galego**

	Total	Porcentaxe
Total de persoal non docente	3598,41	100
Persoal non docente procedente da educación pública	2500,22	69,48
Persoal non docente procedente da educación privada	1098,19	30,50

Fonte: Elaboración propia

Así, asignánselle 3598,41 postos de traballo ao galego, un 69,5 % procedentes da educación pública (2500,22) e os restantes das ensinanzas privadas (1098,19). Dado que non é posible distinguir a dedicación coa fonte empregada, suponse que son a tempo completo.

Se se aceptan todos estes supostos, obtéñense os seguintes resultados no relativo ao emprego total equivalente a tempo completo:

**Emprego nas actividade de educación non universitaria en lingua galega**

Actividade	CNAE	Empregos equivalentes a tempo completo
	8520	
	8531	
Actividades de educación non universitaria do sector público	8532	13 664,17
	8541	
	8544	
	8520	
	8531	
Actividades de educación non universitaria do sector privado	8532	3846,44
	8541	
	8544	
Total		17 510,61

Fonte: Elaboración propia

Segundo esta metodoloxía, dos 17 510,61 empregos (docentes e non docentes) a tempo completo atribuíbles á lingua galega, 13 664,17 formarían parte do cadro de persoal do sector público (un 33,15 % da rama 85NM) e 3846,44 do sector privado (un 22,47 % da rama 85M).

Para a determinación do VEB aplícase a mesma proporción que a de emprego a tempo completo nas ramas 85NM (33,15 %) e 85M (22,47 %).

Debido a que non se pode desagregar aos catro díxitos da CNAE-2009, tal e como se procedeu noutros apartados deste traballo, para considerar produtividades diferentes segundo a etapa educativa suponse que todo o persoal do ensino público ten a mesma produtividade, que é o mesmo suposto do sector privado, aínda que entre ambos si existen diferenzas. Se se acepta esta hipótese, obtense o seguinte resultado:

**VEB nas actividades de educación non universitaria en lingua galega**

	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Sector público	8520		
	8531		
	8532	33,15 %	799 897,80
	8541		
	8544		
Sector privado	8520		
	8531		
	8532	22,47 %	161 249,78
	8541		
	8544		
Total			961 147,58

Fonte: Elaboración propia

Así, poderíase afirmar que as actividades educativas non universitarias en lingua galega xeraron un VEB de máis de 961 millóns de euros en 2019. Trátase da achega máis cuantiosa de todas as relacionadas coa lingua. Dese total, case 800 millóns proveñen do ensino público (83,2 %) e algo máis de 161 millóns do privado (16,8 %).

## 6.2. Educación universitaria

Esta apartado aborda o nivel formativo correspondente á formación universitaria. A normativa que rexe este tipo de educación é a Lei orgánica 6/2021, do 21 de decembro, de universidades<sup>33</sup>, que fixa os principais órganos, colectivos e unipersoais, de goberno, así como a dirección e as competencias básicas que desenvolve cada universidade segundo os seus estatutos. No caso de Galicia, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de

<sup>33</sup> <https://www.boe.es/buscar/pdf/2001/BOE-A-2001-24515-consolidado.pdf>.

Galicia<sup>34</sup>, establece como un dos seus obxectivos a promoción do galego como lingua oficial e propia de Galicia<sup>35</sup>.

Os estatutos das tres universidades galegas establécense a través de cadanseus decretos aprobados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria<sup>36</sup>. En todos se dispón que a lingua propia destas tres universidades é o galego<sup>37</sup>. Para a promoción do uso do idioma nas universidades, creáronse os servizos de normalización lingüística, que teñen como misión estimular o proceso de extensión da utilización da lingua galega nas actividades levadas a cabo polas universidades e darlle soporte técnico. Deste xeito, realizan funcións de asesoramento lingüístico, como a corrección de textos, traducións e consultas lingüísticas; formación, a través

---

<sup>34</sup> [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2013/07/03/20130703\\_lei\\_sug.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2013/07/03/20130703_lei_sug.pdf).

<sup>35</sup> Art. 2.1: «Recoñécense como obxectivos e fins propios do SUG os seguintes: [...] A promoción do galego, lingua oficial e propia de Galicia, e a súa coexistencia co castelán, tamén lingua oficial, e, se for o caso, con outras linguas de interese para a docencia e a investigación».

<sup>36</sup> Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña, modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

<sup>37</sup> USC: art. 3:

1. A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.

2. A Universidade de Santiago de Compostela potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos.

A Universidade de Santiago de Compostela adoptará as medidas necesarias para asegurar o coñecemento suficiente das linguas cooficiais na acollida dos seus membros, co fin de garantir os dereitos lingüísticos de toda a comunidade universitaria, nos termos previstos nestes estatutos e na demais normativa aplicable, así como a través das accións formativas que establezan os plans a que se refire o apartado cuarto deste artigo.

No marco da colaboración e intercambio con outras universidades e institucións, a Universidade de Santiago de Compostela fomentará o coñecemento e a proxección exterior da lingua e a cultura galegas.

3. A Universidade de Santiago de Compostela fomentará o coñecemento e o uso de terceiras linguas por parte da comunidade universitaria.

4. A Universidade de Santiago de Compostela definirá e avaliará periodicamente o marco de acción da súa política lingüística a través de plans que deberán ser aprobados polo Claustro.

UVigo: art. 1.3: «O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo e é a lingua de uso normal nas súas actividades».

UDC: art. 5.2: «A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades».

de cursos relacionados coa lingua e dirixidos a todos os colectivos que integran a universidade; dinamización, mediante a convocatoria de premios, concursos e axudas; e terminoloxía, por medio da elaboración e difusión de vocabularios, terminoloxías e bases de datos.

A continuación, determinarase o emprego xerado pola educación universitaria para Galicia, parte do cal se lle pode atribuír ao galego. Para realizar estes cálculos, procédese, en primeiro lugar, a cuantificar o emprego en cada unha das universidades galegas durante o curso de referencia (2018-2019). Á hora de determinar o emprego, disponse de dúas fontes: unha de carácter estatal e outra autonómica.

Segundo a estatística estatal, denominada Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU), en Galicia existen un total de 5198 persoas que ocupan postos de persoal docente e investigador (PDI), o que suporía 4164,62 empregos equivalentes a tempo completo. En canto aos postos non docentes, é dicir, o persoal de administración e servizos (PAS), calcúlase que hai 2700 persoas empregadas, excluídos os PAS de investigación, que equivalen a 2619,57 empregos a tempo completo. Isto supón un total de 7898 efectivos, 6784,19 dos cales equivalen a empregos a tempo completo. En termos laborais, suporía un 16,46 % dos postos de traballo computables a tempo completo de toda a rama 85NM («Educación de non-mercado»<sup>38</sup>).

Como limitación principal desta fonte, cómpre salientar que os datos de PDI do Ministerio de Universidades non permiten distinguir entre cada unha das universidades, aspecto que resulta fundamental para a imputación do galego debido ás diferenzas xeográficas, sociais e lingüísticas das comunidades universitarias galegas. Porén, o IGE ofrece datos do profesorado por universidades, que se poden empregar para calcular as proporcións teóricas. Os resultados son os seguintes:

---

<sup>38</sup> Na anualidade de referencia, o sistema universitario era integramente público. Con respecto aos estudos de posgrao privados nas universidades públicas, a súa existencia non afecta ao computo de persoal das universidades, xa que están impartidos por PDI existente ou profesorado externo e visitante (remunerado, pero que non ten vinculación contractual, senón que exerce esta actividade de maneira voluntaria e adicional ao seu posto normal), ou ambos.

**Profesorado das universidades galegas (2019)**

	Total	Porcentaxe
Universidade de Santiago de Compostela	2074	42,81
Universidade da Coruña	1392	28,73
Universidade de Vigo	1379	28,46
<b>Total das universidades galegas</b>	<b>4845</b>	<b>100</b>

Fonte: IGE

Segundo o IGE, dos 4845 profesores e profesoras que conforman o sistema universitario galego, case un 43 % (2074) exerce a docencia na USC. O 57,19 % restante distribúese entre a UDC (28,73 %) e a UVigo (28,46 %). Aplícanse estas proporcións para a repartición dos datos de persoal docente e non docente do Ministerio en termos equivalentes a tempo completo. Os resultados da repartición entre as tres universidades serían os seguintes:

**Persoal (docente e non docente) a tempo completo, segundo a universidade (2019)**

	Total	Porcentaxe
Universidade de Santiago de Compostela	2904,11	42,81
Universidade da Coruña	1949,14	28,73
Universidade de Vigo	1930,84	28,46
<b>Total das universidades galegas</b>	<b>6784,09</b>	<b>100,00</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

En relación co conxunto do persoal que traballa na universidade, docente e non docente, no total dos centros universitarios galegos están empregadas 6784 persoas a tempo completo. Un 42,81 % desenvolven o seu labor na Universidade de Santiago de Compostela e ao redor dun 28 % na da Coruña e a de Vigo, respectivamente.

Para determinar que parte deste emprego se pode imputar á lingua galega, existen fontes específicas das propias universidades e considérase axeitado acudir a elas e non á EEF, tal e como se procede para o cálculo das porcentaxes na educación non universitaria. Isto obedece a que esta enquisa non diferencia a etapa educativa para maiores de 16 anos, debido a unha maior heteroxeneidade entre o alumnado e o profesorado das universidades, así como á inexistencia dunha normativa autonómica reguladora do uso da lingua galega no ámbito universitario, polo que a decisión última neste aspecto recae no criterio persoal do propio profesorado ou no de cada universidade no ámbito administrativo.

A Universidade de Santiago de Compostela conta cun Servizo de Normalización Lingüística, cuxo obxectivo é dar soporte técnico á

promoción do uso da lingua galega neste centro universitario. Esta área de servizo publica información do Plan de Organización Docente (POD) de cada curso académico extraída dos datos proporcionados pola ATIC (Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións), na que se computa a porcentaxe de créditos impartidos en lingua galega<sup>39</sup>. Para a elaboración deste apartado establécese como período de referencia o curso 2018-2019, no que se analizan os usos lingüísticos en diferentes ámbitos da ensinanza universitaria: a docencia, os graos, os mestrados e as titulacións de licenciatura.

No relativo aos usos lingüísticos na docencia, o POD atribúelle á utilización do galego neste período unha porcentaxe do 22,57 % fronte a un 73,69 % do castelán, con índices pouco significativos no caso do inglés (2,06 %), do portugués (0,38 %) e doutras linguas (1,30 %). Con respecto aos graos, a presenza do galego diminúe lixeiramente ata un 21,06 %, cun aumento do emprego do castelán (75,01 %), mentres que se manteñen en porcentaxes similares o uso do inglés (2,11 %), o do portugués (0,42 %) e o doutras linguas (1,40 %). O predominio do castelán sobre o galego destaca notablemente nas titulacións de licenciatura, un 92,86 % fronte a un 7,14 % daquelas nas que usa o galego para a docencia, mentres que nos mestrados a utilización do galego acada a cota máis elevada, cun 36,30 %, aínda que o emprego do castelán segue a ser maioritario (61,54 %); o uso do inglés sitúase nun 1,64 % e o do portugués nun 0,03 %, e nun 0,48 % empréganse outros idiomas.

No caso da UVigo existe un estudo<sup>40</sup> no que se presentan resultados dunha enquisa realizada no curso 2016-2017. Nesta destácase que un 23,8 % do PDI di que imparte as clases sempre en galego. Hai outro 9 % que di que o fai en varias linguas, pero non existe información sobre cales son e non se dispón de datos para poder ponderar, en caso de que se quixese proceder como no apartado das ensinanzas non universitarias. Tampouco se dispón de datos dos POD, que sería o máis adecuado. Así mesmo, é importante destacar que, ao tomar como unidade a proporción de profesorado, non se está dando conta dos créditos, tal e como sería desexable. Sábese que a carga

---

<sup>39</sup> <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/snl/dinamizacion/descargas/xeral18-19.pdf>.

<sup>40</sup> [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-07/estudo\\_sociolinguistico\\_galego\\_na\\_uvigo.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-07/estudo_sociolinguistico_galego_na_uvigo.pdf).

docente entre uns membros do PDI e outros é moi diferente por diversos motivos. En ausencia de mellor información, tómase a porcentaxe dos membros do PDI que afirman que imparten a súa docencia sempre en galego.

No caso da UDC, o seu Servizo de Normalización Lingüística non ofrece datos sobre o uso do galego na docencia. A única información dispoñible parte dun traballo no que se enquisaron 553 membros do PDI e 432 do PAS<sup>41</sup>. Segundo esta fonte, un 13 % do PDI di que imparte as clases só en galego e no documento, ademais, declárase que «estas porcentaxes que saíron da enquisa son bastante similares ás que se poden extraer da análise do POD do idioma en que se imparte a docencia para o ano 2014». Polo tanto, é a porcentaxe que se acepta, pois non se dispón de información máis recente. Para o cálculo do PAS imputable, recóllese a porcentaxe obtida para cada universidade.

Se se ten en conta o exposto, os datos que resultan de aplicar estas proporcións ao persoal docente e o non docente serían os seguintes:

**Emprego nas actividades de educación universitaria en lingua galega**

	CNAE	Empregos equivalentes a tempo completo
Actividades de educación universitaria (USC)	8543	655,46
Actividades de educación universitaria (UDC)	8543	253,39
Actividades de educación universitaria (UVigo)	8543	459,56
Total de actividades de educación universitaria	8543	1368,41

Fonte: Elaboración propia

O idioma galego está vinculado a un 20,17 % do emprego universitario a tempo completo, segundo os datos do Ministerio, o que supón un total de algo máis de 1368 postos de traballo que están ligados a esta lingua. Un 47,9 % deste persoal correspóndelle á USC, un 33,58 % á UVigo e un 18,52 % á UDC.

Para a determinación do VEB da educación universitaria para Galicia, aplícase a proporción de emprego en galego das tres universidades sobre o total da rama 85NM, que sería dun 16,46 %. Con este método de cálculo

<sup>41</sup> [https://www.udc.es/export/sites/udc/snl/\\_galeria\\_down/documentospdf/Alvarez\\_Sousa\\_conhecemento\\_uso\\_galego\\_UDC.pdf\\_2063069239.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/snl/_galeria_down/documentospdf/Alvarez_Sousa_conhecemento_uso_galego_UDC.pdf_2063069239.pdf).

considérase que todos os traballadores do ensino público teñen a mesma produtividade, dado que non é posible descompoñer por actividades a catro díxitos da CNAE-2009 e así considerar produtividades diferentes segundo a etapa educativa. Tampouco resultou posible calcular a parte non relacionada coa función docente, posto que o persoal adscrito unicamente á investigación non se ten en conta para efectos dos cálculos. En canto ás distintas universidades, a repartición é a mesma que a de emprego, xa que se toma o global da rama 85NM sen que se poida diferenciar por nivel educativo e institución.

Do anterior obtense que o VEB xerado pola educación universitaria en Galicia acada un total de algo máis de 397 millóns de euros, dos que un 42,81 % lle corresponde á USC, un 28,73 % á UDC e un 28,46 % á UVigo. Cando se aplican as proporcións de galego, obtéñense os seguintes resultados:

**VEB das actividades de educación universitaria en lingua galega**

	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Actividades de educación universitaria (USC)	8543	1,59 %	38 370,35
Actividades de educación universitaria (UDC)	8543	0,61 %	14 833,31
Actividades de educación universitaria (UVigo)	8543	1,11 %	26 902,75
Total de actividades de educación universitaria	8543	3,32 %	80 106,41

Fonte: Elaboración propia

As actividades de educación universitaria atribuíbles á lingua galega xeraron en 2019 un VEB de 80,1 millóns de euros, é dicir, un 20,17 % con respecto ao VEB total destas actividades. Desa cifra, case un 48 % é xerado pola USC, un 18,52 % pola UDC e un 33,58 % pola UVigo.

**6.3. VEB e emprego en lingua galega nas actividades de educación**

A continuación faise unha síntese dos datos da distribución da achega ao VEB e do emprego das actividades educativas en lingua galega. Pódese concluir que a educación non universitaria é a que máis VEB achega de media ao sector da educación. Se se toman en conxunto o ensino público e o privado, suporía un 92,3 % do total, pero é nomeadamente o ensino público o que contribúe máis ao VEB da educación en lingua galega (uns 800 millóns



de euros, fronte aos 161 millóns do ensino privado). No que atinxe á formación universitaria, a porcentaxe de VEB que chega ao sector da educación é dun 7,7 %, que equivale a uns 80 millóns de euros.

Con respecto ao emprego, a porcentaxe de postos de traballo equivalentes a tempo completo na educación non universitaria mantense equilibrada coa chegada do VEB (92,4 %): un 72,4 % correspóndelles aos centros públicos (13 664 postos de traballo) e un 20,4 % aos privados (3846 empregos).

**Distribución da chegada ao VEB e do emprego das actividades educativas en lingua galega**

	VEB medio (miles de euros)	%	Empregos equivalentes a tempo completo	%
Educación non universitaria pública	799 898	76,8	13 664	72,4
Educación non universitaria privada	161 250	15,5	3846	20,4
Educación universitaria	80 106	7,7	1368	7,2
Total	1 041 254	100,0	18 879	100,0

Fonte: Elaboración propia

En canto á distribución, máis de tres cuartas partes do VEB e preto de tres de cada catro empregos a tempo completo están ligados á educación non universitaria pública. A pesar de que para o ensino non universitario non se puideron ter en conta todos os niveis educativos (como o infantil e os réximes especiais), xera un VEB que supera os 950 millóns de euros e 17 500 empregos a tempo completo.

A chegada en conxunto das actividades educativas en lingua galega é a que se observa na seguinte táboa, en relación co total considerado.

**VEB e emprego do sector da educación**

Empregos equivalentes a tempo completo	44 658
VEB (miles de euros)	2 059 066
VEB medio (miles de euros) para a produción en lingua galega	1 041 254
En porcentaxe do total	50,6
Empregos equivalentes a tempo completo para a produción en lingua galega	18 879
En porcentaxe do total	42,3

Fonte: Elaboración propia

Respecto ao total educativo (mercado e non-mercado), a educación en galego achega máis do 42 % do emprego e máis da metade do VEB do total de actividades identificadas, impacto que na realidade é superior, dado que non se consideran todas as etapas e réximes educativos por falta de información e, ademais, polo mesmo motivo, tampouco se consideran as actividades ligadas á investigación que se realiza no ámbito universitario.

## **7. ESTIMACIÓN DA PRODUCCIÓN VINCULADA AO GALEGO NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

Neste apartado descríbese a contribución das administracións públicas ao valor económico do galego, a través de dúas canles principais: o fomento da lingua galega e a promoción da cultura propia.

No que respecta á promoción da lingua, o capítulo céntrase no desenvolvemento, por parte das administracións públicas (locais e autonómica), da súa responsabilidade na execución de políticas lingüísticas que contribúan ao fomento do uso do galego nos diversos ámbitos socioeconómicos da sociedade galega, a través de campañas de promoción e difusión, a organización de actividades culturais e educativas en lingua galega, exposicións, festivais de música e mesmo a difusión da lingua galega nos medios de comunicación, entre outras.

A promoción da cultura galega abórdase de xeito similar. Neste caso, faise fincapé nas funcións e competencias das administracións, tanto a autonómica como as locais, posto que comparten a responsabilidade de velar polo patrimonio cultural galego. Neste texto repásanse as accións levadas a cabo no seu ámbito competencial, como as de promoción, protección e difusión da cultura e a execución de plans de apoio á creación cultural (festivais, exposicións, ciclos de conferencias, etc.), así como a xestión de espazos e equipamentos culturais (teatros, auditorios, museos, bibliotecas, etc.).

### **7.1. Promoción da lingua**

As funcións e competencias das administracións públicas en materia de protección, promoción e fomento do uso da lingua galega desenvólvense en Galicia mediante o deseño e planificación de diferentes políticas lingüísticas a través de dúas vías administrativas: as administracións locais e a Administración autonómica.

No que atinxe á Administración autonómica, a Secretaría Xeral de Política Lingüística é o órgano do Goberno galego responsable en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como da dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Entre os seus obxectivos pódense destacar a promoción, impulso e elaboración de propostas legislativas que potencien a normalización lingüística e promovan o uso da lingua galega; a programación e desenvolvemento de medidas para o fomento do uso do galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego<sup>42</sup>; a promoción da lingua galega na Administración local<sup>43</sup> e, por último, o desenvolvemento de políticas de investigación para a normalización do léxico e da terminoloxía.

Ademais, a Administración autonómica tamén se ocupa de planificar e desenvolver campañas de fomento do uso, coñecemento e difusión da lingua galega dentro e fóra do territorio lingüístico galego, á vez que colabora con organismos ou institucións nacionais e internacionais, como o Consello de Europa, entre outros, en materia de política lingüística<sup>44</sup>.

No que respecta á función normalizadora da lingua galega dentro das administracións locais (deputacións e concellos), tal e como recolle a Lei 3/1983, de normalización lingüística, entre as competencias dos concellos hai que salientar a obriga de empregar o idioma galego nas actividades levadas a cabo polo concello, desde ordes do día, mocións ou notificacións ata recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais ou calquera acto de carácter público ou administrativo que se realice no marco municipal. Nesta mesma liña, deben fomentar o uso da lingua tamén en actividades mercantís, publicitarias, asociativas, deportivas etc. Así mesmo, é deber dos concellos impulsar a utilización da lingua galega nas relacións coa cidadanía e nos servizos públicos ofrecidos pola entidade; organizar actividades culturais e educativas en lingua galega, como obradoiros, cursos, conferencias etc., e apoiar as asociacións locais que traballan pola normalización lingüística do idioma e a súa difusión.

---

<sup>42</sup> [https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3\\_1983.pdf](https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3_1983.pdf).

<sup>43</sup> [https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei5\\_1997.pdf](https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei5_1997.pdf).

<sup>44</sup> <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/rede-de-dinamizacion-linguistica>.

Con respecto ao papel das deputacións provinciais, hai que ter en conta que moitas das súas competencias coinciden coas dos concellos, segundo o marco legal da mencionada Lei de normalización lingüística, que rexe as funcións das administracións locais en xeral. Entre as súas competencias, pódese subliñar o apoio ás iniciativas en lingua galega, desde a edición de publicacións ata a organización de exposicións, festivais de música e outros eventos culturais, así como o impulso de programas e actividades que fomenten o coñecemento e valoración da lingua galega e o incremento e difusión do galego a través dos medios de comunicación locais e provinciais (televisión, radio, medios dixitais etc.).

De xeito similar ao que ocorre cos concellos, tamén son obrigas das deputacións a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas etc. no ámbito provincial e a implementación de plans e proxectos de política lingüística en colaboración coa Xunta de Galicia, ao tempo que deben salvagardar o cumprimento da normativa lingüística vixente no ámbito local.

Pola súa natureza, estas actividades computan na súa integridade como produción en lingua galega. En primeiro lugar, cuantifícase a achega da Administración autonómica e logo a da local.

No caso da Xunta de Galicia, as achegas en termos de emprego e VEB calcúlanse a partir da Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, desenvolvida polo Ministerio de Cultura e Deporte, que conta cunha epígrafe denominada «Política lingüística».

O gasto liquidado pola Xunta de Galicia en política lingüística no ano 2019 ascendeu a un total de 6,2 millóns de euros, dos que un 28,9 % se destinou a gastos de persoal (1,8 millóns de euros). Trátase da segunda contía máis elevada tras os investimentos reais, que absorben un 43 %. En terceiro lugar, as transferencias correntes supuxeron un 20,5 % do total do gasto público neste ámbito, como se pode observar na seguinte táboa.

**Gasto liquidado en política lingüística pola Administración autonómica segundo a natureza económica do gasto (miles de euros)**

	2019
Gasto total	6239
Gastos de persoal	1802
Gastos correntes en bens e servizos	103
Gastos financeiros	2
Transferencias correntes	1280
Investimentos reais	2680
Transferencias de capital	373
Activos e pasivos financeiros	0

Fonte: MCUD e MHFP

A relación desta actividade coas contas económicas anuais do IGE atópase na rama 84, que se corresponde coa Administración pública e defensa e Seguridade Social obrigatoria. A remuneración das persoas asalariadas sobre o VEB nas administracións públicas rolda o 72 % a nivel agregado, concretamente un 72,3 % en 2019. Para calcular o VEB asociado ás actividades de política lingüística, dáse por suposto que a liquidación de gastos de persoal recolle o concepto de remuneración das persoas asalariadas da contabilidade rexional. Ademais, dada a imposibilidade de obter información das contas económicas con maior nivel de desagregación, suponse homoxeneidade entre as distintas administracións públicas e áreas de gasto no relativo ao peso da remuneración do persoal asalariado sobre o VEB. Así, o resultado é o seguinte:

**VEB nas actividades de promoción da lingua na Administración autonómica**

	Promoción da lingua
CNAE-2009	8412
Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	n. p.
VEB a custo de factores (miles de euros)	2491,65

Fonte: Elaboración propia

Segundo este procedemento, o VEB xerado polas actividades de promoción da lingua sitúase preto dos 2,5 millóns de euros.

Para calcular o nivel de emprego equivalente a tempo completo, ao supor homoxeneidade entre as distintas administracións públicas e áreas de gasto na súa produtividade, obtense o resultado teórico do emprego.

**Emprego na actividade de promoción da lingua na Administración autonómica**

	Promoción da lingua
CNAE	8412
Porcentaxe de emprego a tempo completo	n. p.
Empregos equivalentes a tempo completo	35,96

Fonte: Elaboración propia

Segundo o cálculo, o emprego xerado por esta actividade sitúase no límite dos 36 postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Para o cálculo das magnitudes da Administración local, ao ignorarse a liquidación agregada de todos os concellos e deputacións en materia de política e normalización lingüística, procédese ao revés. En vez de partir da información do gasto do capítulo I, trátase de determinar o número de postos de traballo que crean estas competencias na Administración local. A cifra de persoal empregado coñécese a partir da información dos rexistros do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG), servizo dependente do CCG. A relación coas contas económicas é a mesma.

**Persoal do Servizo de Normalización Lingüística contratado pola Administración local na promoción do galego. Ano 2022**

	2022
Deputacións	16
Concellos	51

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CDSG

Segundo esta fonte, nas deputacións e concellos de Galicia estaban contratadas en 2022 un total de 67 persoas directamente relacionadas coa promoción da lingua, a maior parte das cales (51) lles corresponden aos concellos.

Malia terse información detallada sobre o tipo de relación laboral deste persoal, non se pode determinar coas fontes dispoñibles a totalidade do tempo de traballo e dedicación de cada posto. En calquera caso, sábese que, en xeral e salvo casos puntuais, o persoal técnico de normalización lingüística da Administración local desenvolve a súa xornada a tempo completo. Xa que logo, dáse por suposto que son empregos a tempo completo, pese a que esta decisión implica unha posibilidade de sobreestimación dos datos. Outra limitación destacable é que se trata de información de 2022.

Suponse, polo tanto, que esta cantidade variou pouco ou non variou desde o ano 2019.

Para o cálculo do VEB, pártese de novo do suposto de que as actividades das administracións públicas teñen a mesma produtividade independentemente do nivel de goberno ou área de gasto, dado que non se dispón de información para distinguilas. Neste caso, aplícase a produtividade da rama 84 á inversa de antes e obtense o seguinte resultado.

**VEB das actividades de promoción da lingua na Administración local**

	Promoción da lingua
CNAE	8412
Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	n. p.
VEB a custo de factores (miles de euros)	4642,24

Fonte: Elaboración propia

Segundo estes cálculos, a achega ao VEB das actividades da promoción da lingua galega dos concellos e deputacións galegas é de 4,6 millóns de euros.

Tal como se mencionou anteriormente, as actividades computan ao 100 % en galego, polo que os resultados para o conxunto das accións de promoción da lingua son os que seguen:

**Achega ao VEB e ao emprego das actividades de promoción da lingua galega nas administracións públicas**

	Promoción da lingua
CNAE	8412
VEB (miles de euros)	7133,89
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	102,96

Fonte: Elaboración propia

Tal e como se ve na táboa superior, o VEB e o emprego xerados pola actividade de promoción da lingua galega das administracións públicas de Galicia ascende a 7,1 millóns de euros e aproximadamente a 103 empregos equivalentes a tempo completo.



## 7.2. Promoción da cultura

De xeito similar ao que sucedía no caso da promoción da lingua, o desenvolvemento de políticas de promoción cultural en Galicia polas administracións públicas é unha responsabilidade compartida entre o sector público autonómico e as administracións locais a través das deputacións e os concellos.

En relación coas funcións e competencias da Administración autonómica, a Xunta de Galicia ten a responsabilidade de promover, protexer e difundir a cultura galega en todas as súas manifestacións. Entre as súas obrigas tamén se inclúen a xestión de espazos e equipamentos culturais da comunidade autónoma, como teatros, auditorios, museos e bibliotecas, para garantir a súa conservación e accesibilidade ao público; a concesión de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións utilizadas para a realización de actividades culturais<sup>45</sup>, así como o fomento da colaboración e cooperación entre as entidades culturais galegas, tanto públicas como privadas, co obxectivo de fortalecer o tecido cultural.

Outro organismo que comparte responsabilidades coa Administración autonómica e as administracións locais na salvagarda do patrimonio cultural galego é o Consello da Cultura Galega (CCG). Trátase dun órgano estatutario de carácter asesor e consultivo, que ten como finalidade promover, difundir e preservar os valores culturais do pobo galego e asesorar neses ámbitos. Esta institución, con personalidade xurídica propia, goza de autonomía orgánica e funcional e actúa con independencia respecto dos poderes da comunidade autónoma e da súa Administración. As súas competencias abranguen desde o fomento da lingua e a cultura galegas, a investigación e preservación do patrimonio cultural ou a elaboración de estudos, informes e publicacións ata a posta en marcha de accións culturais (congresos, seminarios, conferencias, exposicións etc.). Entre as súas obrigas inclúese o labor de asesorar e consultar os poderes públicos da comunidade autónoma (Xunta de Galicia, Parlamento, deputacións, concellos e outras institucións) e presentarles propostas a prol da defensa e promoción dos valores culturais galegos.

---

<sup>45</sup> [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220210/AnuncioG0598-250122-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220210/AnuncioG0598-250122-0001_es.html).

A razón pola que se engade o labor do CCG á marxe da Administración xeral da comunidade autónoma de Galicia está condicionada polo feito de que se trata dun organismo independente do Goberno autonómico que, dentro da conta xeral da comunidade autónoma na liquidación de gastos, se adscribe ao programa 111D, «Alto asesoramento da Comunidade Autónoma», polo que se exclúe da estatística de gasto público en cultura que elabora o Ministerio de Cultura e Deporte.

Dentro das administracións locais, o papel dos concellos inclúe a creación e mantemento dos equipamentos culturais do seu ámbito; a organización de eventos e festivais culturais, festas populares, exposicións artísticas e outras iniciativas; o apoio ás asociacións e colectivos culturais locais e a promoción da súa participación, e o desenvolvemento de tarefas de conservación e divulgación do patrimonio cultural do concello, entre outros.

As deputacións provinciais son administracións locais que tamén comparten obrigas coa Administración autonómica e os concellos en materia de promoción cultural, especialmente naqueles servizos que poidan exceder o estrito ámbito municipal. Entre as súas funcións atópanse a xestión dos equipamentos culturais a nivel provincial, o impulso de programas e actividades culturais, o apoio á formación cultural e artística, a colaboración coas entidades municipais etc.

A diferenza do que acontece no apartado anterior, todas estas actividades están indirectamente relacionadas coa lingua, polo que en todos os casos haberá que cuantificar que parte da súa produción é en lingua galega, xa que non en toda a actividade cultural se utiliza este idioma como vehículo. A excepción é o Consello da Cultura Galega, que, polas competencias que ten asumidas, computa ao 100 % da súa actividade en lingua galega.

A relación coas contas económicas anuais é igual que no caso das actividades de promoción da lingua, a rama 84 (Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria). O procedemento para todos os niveis administrativos consiste en calcular a achega ao VEB e ao emprego a partir da análise das liquidacións orzamentarias.

O gasto público en cultura realizado pola Xunta de Galicia en 2019, unha vez excluído o dirixido a política lingüística, ascendeu a 77,9 millóns de euros. A maior porcentaxe correspóndelles aos gastos de persoal

(31,75 %), seguidos polas transferencias de capital (23,34 %), as transferencias correntes (18,81 %) e os investimentos reais (17,92 %).

**Gasto público liquidado en cultura\* pola Xunta de Galicia, segundo a natureza económica do gasto (miles de euros)**

	2019
Gastos de persoal	24 736
Gastos correntes en bens e servizos	5 935
Gastos financeiros	437
Transferencias correntes	14 654
Investimentos reais	13 958
Transferencias de capital	18 184
Activos e pasivos financeiros	0
<b>Total</b>	<b>77 905</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do MCUD

\*Nota: descontado o gasto en política lingüística.

No que respecta ao Consello da Cultura Galega, o gasto total liquidado superou os 2,5 millóns de euros, dos que un 65,7 % foi destinado a gastos de persoal. Os gastos correntes en bens e servizos foron os seguintes en importancia ao abarcar case un 28 % do total, seguido do gasto en investimentos reais (5,3 %) e transferencias correntes (1 %).

**Gasto público liquidado polo Consello da Cultura Galega, segundo a natureza económica do gasto (miles de euros)**

	2019
Gastos de persoal	1674
Gastos correntes en bens e servizos	711
Transferencias correntes	26
Investimentos reais	136
<b>Total</b>	<b>2548</b>

Fonte: Consellería de Facenda

No caso das deputacións galegas, o total do gasto público en cultura ascende a algo máis de 35,6 millóns de euros, dos que case un 27 % se destina a gastos de persoal. Transferencias correntes e gastos correntes en bens e servizos son as dúas partidas que absorben as maiores porcentaxes do conxunto do gasto, un 33,22 % e un 30,28 % respectivamente.

**Gasto público liquidado en cultura polas deputacións galegas, segundo a natureza económica do gasto (miles de euros)**

	2019
Total	35 625
Gastos de persoal	9591
Gastos correntes en bens e servizos	10 789
Gastos financeiros	0
Transferencias correntes	11 833
Investimentos reais	1919
Transferencias de capital	1493
Activos e pasivos financeiros	0

Fonte: MCUD e MHFP

Case un 60 % do total do gasto liquidado en cultura correspóndelles aos concellos galegos, cunha cantidade total de máis de 166,4 millóns de euros. O maior desembolso dese total, uns 95,3 millóns de euros, foi destinado a gastos correntes en bens e servizos, seguido dos gastos de persoal, un 22,1 %. Os capítulos económicos asociados ás transferencias correntes e os investimentos reais absorben ao redor dun 10 % do conxunto do gasto liquidado por estas corporacións.

**Gasto público liquidado en cultura polos concellos galegos, segundo a natureza económica do gasto (miles de euros)**

	2019
Total	166 470
Gastos de persoal	36 823
Gastos correntes en bens e servizos	95 350
Gastos financeiros	0
Transferencias correntes	16 629
Investimentos reais	17 380
Transferencias de capital	282
Activos e pasivos financeiros	5

Fonte: MCUD e MHFP

Na seguinte táboa pódese ver o gasto liquidado total de todas as administracións, incluído de forma separada o do Consello da Cultura Galega, así como a porcentaxe de gasto destinada a recursos humanos, a partir do que se calcula o resto de macromagnitudes.

**Porcentaxe do gasto de persoal sobre o total do gasto público en cultura, segundo o tipo de administración (2019)**

	Total (miles de euros)	Gastos de persoal (miles de euros)	Porcentaxe sobre o total do gasto
Xunta de Galicia	77 905	24 736	31,75
Deputacións	35 625	9 591	26,92
Concellos	166 470	36 823	22,12
Consello da Cultura Galega	2 548	1 674	65,72
Total	282 548	72 824	25,77

Fonte: Elaboración propia

Tal como se pode comprobar, o conxunto do gasto de persoal en cultura superou os 72,8 millóns de euros en 2019. A Administración que máis gasto asumiu foi a local e, máis concretamente, os concellos (36,8 millóns de euros). En porcentaxe do gasto total destinado a cultura, a Xunta de Galicia é a que maior proporción dedica aos recursos humanos (31,8 %) a nivel de administración xeral, pero, de forma específica, o Consello da Cultura Galega dedica pouco menos de dous terzos dos seus orzamentos ao pagamento do persoal.

De modo idéntico a como se procedeu para o cálculo da achega das actividades de promoción da lingua, pátense dunha remuneración do persoal asalariado sobre o VEB nas administracións públicas en 2019 do 72,3 %. Novamente, suponse homoxeneidade entre administracións e áreas de gasto. Os resultados son os que seguen.

**VEB das actividades de promoción da cultura segundo os niveis da Administración**

	CNAE	Porcentaxe de VEB sobre a rama contable	VEB a custo de factores (miles de euros)
Xunta de Galicia	8412	n. p.	34 202,83
Concellos	8412		50 915,71
Deputacións	8412		13 261,62
Consello da Cultura Galega	8412		2 315,17
Total	8412		100 695,34

Fonte: Elaboración propia

Os resultados indican que o VEB xerado polas administracións galegas a través das actividades de promoción da cultura supera os 100 millóns de euros, dos cales os concellos achegan algo mais da metade. Ao aplicar a

produtividade da rama 84, calcúlase o emprego equivalente a tempo completo.

**Emprego das actividades de promoción da cultura segundo os niveis da Administración**

	CNAE	Porcentaxe de afiliación sobre a rama contable	Empregos equivalentes a tempo completo
Xunta de Galicia	8412	n. p.	493,64
Concellos	8412		734,85
Deputacións	8412		191,4
Consello da Cultura Galega	8412		33,41
Total	8412		1453,31

Fonte: Elaboración propia

Segundo estes resultados, o emprego xerado polas actividades de promoción da cultura en Galicia supera os 1450 postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Para o cálculo da porcentaxe atribuíble á lingua galega, sábese que en Galicia a cultura se desenvolve principalmente nas linguas galega e castelá. O galego é unha lingua de amplo uso na literatura, música, teatro, cine e outras formas de expresión artística, pero o castelán tamén ten unha forte presenza cultural en Galicia, especialmente nas áreas urbanas e nos medios de comunicación. Ademais, tamén se atopan outras linguas minoritarias e estranxeiras faladas por comunidades de inmigrantes, como o inglés, o francés e o portugués, de cuxas expresións culturais tamén se nutren. Polo tanto, non é correcto atribuírle toda a produción en cultura das administracións á lingua galega.

De modo similar ao como se procedeu noutros apartados deste informe, utilizouse un método directo de recollida desta información, preguntándolle a unha mostra de persoas responsables dos diferentes niveis da Administración galega pola intensidade do uso da lingua galega nas actividades promovidas polos seus departamentos. A excepción, tal e como se sinalou, é o Consello da Cultura Galega, para o que se dá por suposto que a totalidade da súa actividade é imputable ao galego. Para limitar unha distorsión por falta de tamaño da mostra, os coeficientes de galego, que proveñen dunha media ponderada por tamaño da cada unidade administrativa, compútanse para o conxunto das administracións, polo que se rebaixa

dese modo o erro que puidese supor a desagregación. De maneira análoga ao realizado no apartado 4, calcúlase de acordo cun intervalo.

**Proporción da produción en galego das actividades promoción da cultura das administracións públicas**

		Conxunto das administracións públicas
Media ponderada		90,05 %
95 % de intervalo de confianza para a media ponderada	Límite inferior	88,39 %
	Límite superior	91,71 %

Fonte: Elaboración propia

Tal e como se pode apreciar, en termos medios a produción en lingua galega é do 90 %. Con este procedemento, obtense a seguinte achega ao VEB:

**VEB das actividades de promoción da cultura en lingua galega das administracións públicas**

		Conxunto das administracións públicas
CNAE		8412
VEB medio (miles de euros)		88 587,4
Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada do VEB (miles de euros)	Límite inferior	86 946,42
	Límite superior	90 228,38

Fonte: Elaboración propia

Polo tanto, se se teñen en conta os resultados anteriores, o VEB xerado polas actividades de promoción da cultura en lingua galega sitúase nun intervalo de entre 86 e 90 millóns de euros, cun valor medio de 88,5 millóns de euros, cifra que se tomará como base para o cómputo global do valor económico do galego.

Segundo o cálculo análogo para o cómputo do nivel de emprego a tempo completo atribuíble ás actividades de promoción da cultura en lingua galega, obtense o seguinte:

**Emprego equivalente a tempo completo das actividades de promoción da cultura en lingua galega das administracións públicas**

		Conxunto das administracións públicas
CNAE		8412
Empregos equivalentes a tempo completo medios		1278,56
Intervalo de confianza ao 95 % para a media ponderada dos empregos equivalentes a tempo completo	Límite inferior	1254,87
	Límite superior	1302,24

Fonte: Elaboración propia

De acordo cos resultados anteriores obtidos para as administracións autonómica e local, pode concluírse que a promoción da cultura en lingua galega nas distintas administracións públicas consideradas xera, de media, case 1279 postos de traballo a tempo completo.

**7.3. VEB e emprego da actividade en lingua galega das administracións públicas**

A continuación indícanse os valores do subsector das administracións públicas en conxunto. En primeiro lugar, achégase información sobre a distribución interna das actividades descritas no capítulo.

**Distribución da achega ao VEB e do emprego medios das actividades das administracións en lingua galega**

Actividade	VEB medio (miles de euros)	%	Empregos equivalentes a tempo completo	%
Promoción da lingua	7134	7,4	103	7,5
Promoción da cultura	88 587	92,6	1279	92,5
Total	95 712	100,0	1382	100,0

Fonte: Elaboración propia

En canto á distribución, é moi similar tanto para o emprego como para o VEB, pero son as actividades de promoción da cultura as que concentran a maior porcentaxe (92,5 %).

A achega en conxunto das actividades en lingua galega é a que se observa na seguinte táboa. Das actividades ligadas ás administracións públicas, preto do 90 % están vencelladas á lingua galega.



**VEB e emprego medios das actividades das administracións en lingua galega**

---

Empregos equivalentes a tempo completo	1556
VEB (miles de euros)	107 829
VEB medio (miles de euros) para a produción en lingua galega	95 712
En porcentaxe do total	88,8
Empregos equivalentes a tempo completo para a produción en lingua galega	1382
En porcentaxe do total	88,8

---

Fonte: Elaboración propia

## **8. ESTIMACIÓN DO IMPACTO DIRECTO, O INDIRECTO E O TOTAL DO GALEGO**

Neste capítulo calcúlase o impacto económico que xeran as actividades ligadas ao galego na economía de Galicia. Á hora de cuantificar o impacto económico do galego, hai que ter en conta todo tipo de gastos e investimentos que realizan os sectores institucionais e as ramas de actividade do galego, tanto no propio sector da lingua como nos demais sectores da economía produtiva, xa que estes inciden igualmente no emprego e nas rendas. É dicir, á hora de calcular o impacto económico hai que tomar en consideración, ademais do impacto directo, o impacto indirecto sobre outros sectores, xerado polos produtos intermedios adquiridos polo sector da lingua, e o impacto inducido, xerado a través do consumo mediante as rendas dos traballadores nas ramas de actividade afectadas, directa ou indirectamente.

O impacto total ten a súa orixe no gasto asociado ao impacto directo sobre o VEB que se estima nos capítulos precedentes e inclúe, ademais dese impacto directo, os indirectos. Para determinar estes efectos, emprégase a metodoloxía *input-output* descrita no capítulo 3, aplicada á actualización do Marco Input-Output de Galicia para o ano 2018 (IGE).

### **8.1. Contribución directa do galego ao VEB e o emprego por produtos**

A seguinte táboa recolle a agregación dos catro grandes grupos de actividades presentados na análise previa (cultura e medios de comunicación, industrias da lingua, educación e Administración pública), os cales se corresponden co impacto directo do galego sobre VEB e emprego.

**Contribución directa do galego ao VEB e o emprego (2019)**

Actividade	VEB (miles de euros)	%	Empregos equivalentes a tempo completo	%
Cultura e medios de comunicación	295 298	20,5	7304	26,4
Industrias da lingua	7581	0,5	137	0,5
Educación	1 041 254	72,3	18 879	68,2
Administración pública	95 712	6,7	1382	4,9
Total	1 439 845	100,0	27 702	100,0

Fonte: Elaboración propia

Do impacto directo, a maior parte procede do ámbito educativo, o cal representa un 72,3 % do VEB e un 68,2 % do emprego a tempo completo. Séguelle, aínda que a moita distancia, o bloque de cultura e medios de comunicación, con algo máis dun 20 % do VEB e máis dun cuarto do emprego directo. O impacto directo das actividades das administracións públicas xera menos dun 5 % do emprego directo e un 6,7 % do VEB. Por último, as industrias da lingua teñen un peso moi pequeno, ao representar só un 0,5 % do VEB e do emprego.

Con respecto ao total da economía galega, as actividades vinculadas ao galego xeran directamente un 2,5 % do VEB do ano 2019 como mínimo, xa que a estimación é de mínimos, como se veu explicando ao longo dos capítulos precedentes. En termos de emprego, ao galego asóciase un 2,7 % dos postos de traballo equivalentes a xornada completa existentes en 2019 en Galicia.

**8.2. Impacto directo por rama de actividade**

Os datos económicos vinculados ao galego (VEB e emprego equivalente a tempo completo) asígnanselles ás ramas de actividade do Marco Input-Output en función das equivalencias destas coas epígrafes da CNAE-2009. As ramas de actividade no Marco Input-Output son 70, pero, á hora de calcular o impacto directo do galego das empresas e entidades que se tiveron en conta para este estudo, sitúanse nalgunha das 12 ramas seguintes:

- R18 – Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.
- R47 – Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas.
- R58 – Edición.
- R59\_60 – Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión.
- R62\_63 – Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información.
- R73 – Publicidade e estudos de mercado.
- R74\_75 – Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias.
- R84 – Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria.
- R85M – Educación de mercado.
- R85NM – Educación de non-mercado.
- R90\_93 – Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.
- R94 – Actividades asociativas.

En función do VEB que teñen os sectores do galego en cada rama, é dicir, partindo do VEB do impacto directo, calcúlase o impacto directo en termos de valor da produción vinculada ao galego de cada rama, aplicando a información sobre a relación entre o VEB e a produción que se contén nas táboas *input-output*, xa que o valor da produción dunha actividade non é máis que a suma do VEB cos produtos intermedios empregados. Unha vez coñecida a produción, a información da táboa tamén permite diferenciar que parte da produción vinculada á lingua é demanda intermedia, simplemente mantendo como constantes os coeficientes de distribución por rama de actividade.

Así, o valor da produción que se obtén é o seguinte:

**Impacto do galego: produción a prezos básicos (miles de euros) (2019)**

Rama	VEB/produción (%)	Produción (total)	Produción (%)
R18	37,8	44 512	2,4
R47	65,2	11 993	0,7
R58	43,6	88 534	4,8
R59_60	63,4	175 126	9,5
R62_63	58,5	2015	0,1
R73	32,4	70 625	3,8

Rama	VEB/producción (%)	Producción (total)	Producción (%)
R74_75	78,4	5599	0,3
R84	73,8	129 701	7,0
R85M	85,1	190 518	10,3
R85NM	92,5	951 988	51,7
R90_93	57,5	169 224	9,2
R94	65,2	1928	0,1
Total		1 841 763	100,0

Fonte: Elaboración propia

No tocante aos resultados, a produción a prezos básicos das actividades vinculadas ao galego ascende a algo máis de 1841,8 millóns de euros, dos cales un 78,2 % se corresponde co VEB e o restante, case 402 millóns de euros, con consumos intermedios incorporados ao proceso produtivo procedentes doutras actividades económicas. Respecto do total da economía galega, esta cifra representa o 1,5 % da produción en 2019.

Con respecto á distribución da produción, a maior parte recae no sector educativo, cun 62 % do total, do cal o ensino público constitúe a maior fonte de produción, cun 51,7 %. A moita distancia, pero con máis dun 9 % da produción, sitúanse as actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; as actividades de programación e emisión de radio e televisión e, tamén, as actividades artísticas, recreativas e de entretemento. No rango do 5-7 % atópanse as actividades da Administración pública, no intervalo do 3-5 % as de edición e a publicidade e no do 1-2 % as das artes gráficas, mentres que o resto das actividades representan unha baixa porcentaxe da produción total asociada ao galego. Cabe ter en conta que o valor da produción das actividades económicas non necesariamente coincide co da súa facturación, debido á existencia de stock sen vender ou de subvencións que permitan vender por debaixo do custo de produción.

### 8.3. Impacto indirecto

O impacto indirecto procede dos produtos intermedios adquiridos polos sectores vinculados á lingua galega para poder levar a cabo a súa produción. Iso implica unha demanda doutro conxunto de produtos e servizos e de postos de traballo para a súa consecución que, se ben non son produción en

galego, si son produción que existe debido á demanda de bens e servizos en nesta lingua.

Para obter a súa produción, as actividades vinculadas ao galego precisaron adquirir consumos intermedios por un importe de case 268,5 millóns de euros, consumos que procedían de practicamente todas as demais ramas, salvo as de non-mercado. O impacto indirecto das actividades vinculadas á lingua a través destes consumos intermedios nos sectores da economía galega ascende a preto de 400 millóns de euros de produción en todas as ramas, dos cales case 210 millóns de euros (52,8 %) se corresponden co VEB xerado, e o importe restante, coa demanda intermedia doutras actividades. En termos de emprego, este impacto indirecto tradúcese en 4242 empregos equivalentes a xornada completa.

As actividades con impacto directo tamén producen efectos indirectos, xeralmente inferiores ao primeiro, salvo no caso da rama R62\_63 (programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información), que ten un impacto maior sobre a produción de maneira indirecta que directa. Outras actividades, como as artes gráficas (R18); outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias (R74\_75) ou as actividades asociativas (R94), tamén teñen un impacto indirecto sobre o emprego moi relevante en termos relativos.

Das 70 ramas consideradas, dúas delas, a R68 (actividades inmobiliarias) e a R80\_82(actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinaría; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas), acumulan case un cuarto do impacto indirecto sobre o VEB. As anteriores máis as catro seguintes acumulan case a metade dese impacto. Algo similar obsérvase co valor da produción, aínda que a maior ou menor necesidade de incorporar produtos intermedios ao proceso produtivo fai que as posicións non se correspondan, senón que, a pesar de que as ramas que ocupan as primeiras 15 posicións sexan as mesmas, a orde por importancia relativa é un pouco diferente.

**Impacto indirecto sobre produción e VEB a prezos básicos (miles de euros) e sobre emprego (equivalente a tempo completo)**

Ramas	Produción total	Produción (%)	VEB total	VEB (%)	Emprego total	Emprego (%)
R68	28 658	7,2	26 510	12,6	32	0,8
R80_82	36 427	9,2	24 473	11,7	1060	25,0
R35	32 096	8,1	13 271	6,3	7	0,2

Ramas	Producción total	Producción (%)	VEB total	VEB (%)	Emprego total	Emprego (%)
R90_93	23 017	5,8	13 228	6,3	251	5,9
R69_70	21 447	5,4	13 128	6,3	410	9,7
R41_43	22 941	5,8	11 331	5,4	212	5,0
R18	26 414	6,6	9 976	4,8	306	7,2
R46	20 076	5,1	9 131	4,3	147	3,5
R64	13 013	3,3	8 262	3,9	60	1,4
R59_60	11 350	2,9	7 200	3,4	135	3,2
R49	15 477	3,9	5 720	2,7	131	3,1
R56	9 688	2,4	5 159	2,5	87	2,1
R52	14 322	3,6	5 044	2,4	60	1,4
R33	9 642	2,4	4 462	2,1	103	2,4
R71	8 305	2,1	4 404	2,1	125	2,9
R58	9 824	2,5	4 284	2,0	113	2,7
R85M	4 923	1,2	4 188	2,0	108	2,5
R61	7 504	1,9	3 823	1,8	12	0,3
R62_63	5 146	1,3	3 013	1,4	67	1,6
R77	5 807	1,5	2 965	1,4	47	1,1
Resto das ramas	71 380	18,0	30 351	14,5	765	18,0
Total	397 455	100,0	209 930	100,0	4 242	100,0

Fonte: Elaboración propia

Destaca a contribución ao emprego da rama R80\_82 (actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinaría; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas), que acumula un 25 % do total do impacto indirecto, é dicir, 1060 empregos equivalentes a tempo completo. En termos de emprego indirecto, aínda que cunha orde distinta, as ramas que ocupan as posicións máis elevadas son as mesmas que no caso do VEB e a produción, con dúas excepcións moi importantes. A rama R68, de actividades inmobiliarias, é a que máis contribúe ao VEB (12,6 %) e a terceira que máis contribúe á produción (7,2 %), pero en termos de emprego o seu impacto é ínfimo: só 32 postos de traballo equivalentes a tempo completo (un 0,8 % do total). Algo similar se observa na rama R35 (fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado), cun peso moi relevante sobre o total da produción e do VEB, pero moi cativo en termos de emprego. Este comportamento de determinadas ramas pon de manifesto a necesidade de estudar os impactos económicos non só desde a óptica do emprego ou só desde a óptica do VEB e a produción, senón desde ambas á vez.

#### 8.4. Impacto inducido

O impacto inducido é aquel que rexistra a actividade económica e o emprego como consecuencia do consumo privado que efectúan os traballadores das actividades vinculadas á lingua galega tanto de forma directa como indirecta.

O abastecemento directo e indirecto das demandas por parte das actividades da lingua xera rendas que chegan aos fogares en forma de salarios. Estes ingresos adicionais, en parte, son gastados en bens e servizos domésticos, o que provoca os impactos económicos inducidos. Á súa vez, este novo consumo ou maior demanda require incrementos de produción e emprego para ser satisfeita, o que xera novas rendas do traballo e novas roldas de efectos inducidos a través do consumo dos fogares.

O impacto inducido polas actividades vinculadas á lingua na economía galega ascende a 1878,6 millóns de euros de produción, dos cales 1044,9 millóns (55,6 %) se corresponden co VEB xerado, e o importe restante, coa demanda intermedia doutras actividades. En termos de emprego, este impacto inducido está asociado a 17 949 empregos equivalentes a tempo completo.

##### **Impacto inducido sobre a produción e o VEB a prezos básicos (miles de euros) e sobre o emprego (equivalente a tempo completo)**

Ramas	Produción total	Produción (%)	VEB total	VEB (%)	Emprego total	Emprego (%)
R68	293 730	15,6	271 717	26,0	331	1,8
R56	260 040	13,8	138 485	13,3	2338	13,0
R47	160 929	8,6	104 957	10,0	3739	20,8
R86_88M	78 330	4,2	47 778	4,6	1558	8,7
R46	89 362	4,8	40 647	3,9	656	3,7
R35	94 547	5,0	39 094	3,7	22	0,1
R01	70 143	3,7	33 563	3,2	822	4,6
R90_93	57 831	3,1	33 236	3,2	631	3,5
R64	46 813	2,5	29 724	2,8	214	1,2
R41_43	52 758	2,8	26 059	2,5	487	2,7
R61	41 788	2,2	21 287	2,0	67	0,4
R96	30 433	1,6	18 674	1,8	1026	5,7
R45	46 259	2,5	18 479	1,8	600	3,3
R49	49 650	2,6	18 351	1,8	420	2,3
R85M	19 009	1,0	16 173	1,5	416	2,3
R66	31 206	1,7	14 504	1,4	227	1,3
R97	21 352	1,1	13 423	1,3	907	5,1
R52	38 052	2,0	13 402	1,3	160	0,9
R69_70	19 190	1,0	11 746	1,1	367	2,0



Ramas	Produción total	Produción (%)	VEB total	VEB (%)	Emprego total	Emprego (%)
R55	19 708	1,0	11 549	1,1	278	1,5
R80_82	16 898	0,9	11 353	1,1	492	2,7
R65	28 983	1,5	10 836	1,0	22	0,1
Resto das ramas	311 566	16,6	99 865	9,6	2170	12,1
Total	1 878 578	100,0	1 044 900	100,0	17 949	100,0

Fonte: Elaboración propia

Das ramas consideradas, a R68 (actividades inmobiliarias) acapara máis dunha cuarta parte do VEB inducido que xeran as actividades vinculadas á lingua galega. A dita rama, xunto coas dúas seguintes, a R56 (servizos de comidas e bebidas) e a R47 (comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas), acumulan case a metade do impacto inducido sobre o VEB. Esas tres ramas representan tamén unha gran proporción do impacto sobre a produción (38,0 %). Porén, no relativo aos postos de traballo inducidos, a R68 ten un efecto ínfimo, de tan só o 1,8 %, pero á rama de comercio polo miúdo correspóndelle máis dun quinto dos postos de traballo totais.

A cuarta rama en importancia é a R86\_88M (actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado), que xera, do total de inducido, un 4,6 % do VEB e un 8,7 % do emprego equivalente a tempo completo. Pola súa banda, as ramas R96 (outros servizos persoais) e R97 (actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico), se ben non presentan un impacto inducido moi elevado en termos de produción e VEB, si son importantes fontes de emprego, superando en ambos os casos o 5,0 % do total.

### 8.5. Impacto total

O valor total da produción en 2019 dos sectores vinculados ao galego é de 4117,9 millóns de euros, dos cales un 44,7 % corresponde ao impacto directo (1841,7 millóns de euros), o 9,7 % ao indirecto (397,5 millóns) e o 45,6 % ao efecto inducido (1878,6 millóns). Dado que, segundo a contabilidade rexional do IGE, o valor da produción total da economía galega en 2019 ascendía a 122 765,5 millóns de euros, a produción vinculada ao impacto do galego representa un 3,4 % do total da economía galega.

Nas táboas seguintes preséntase o impacto total sobre a economía galega das actividades vinculadas á lingua para cada unha das variables

estimadas, agregando por sectores de actividade e destacando, á súa vez, as ramas con efectos directos, así como outras ramas que, xa sexa en termos de produción, emprego ou VEB, proporcionen impactos significativos.

Na táboa pode observarse como, en xeral, nas ramas vinculadas ao galego predominan o efecto directo e o indirecto, salvo en tres casos concretos. Por unha banda, na rama R62\_63 (programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información) o impacto total repártese case a partes iguais entre efecto inducidos e efectos directos e indirectos. Porén, na rama R74\_75 (outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias) e, especialmente, na rama R47 (comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas), o impacto inducido é superior aos outros. No caso do comercio polo miúdo, como era de agardar, o dito impacto é moi significativo e fai que esta rama recolla o 4,3 % do total do impacto da lingua.

**Impacto total sobre a produción do galego por sectores económicos e ramas principais (miles de euros)**

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	Impacto inducido	Impacto total	Porcentaje total
Agricultura, gandería e pesca	R01	1454	70 143	71 597	1,7
	Resto (de R02 a R03B)	1150	11 899	13 050	0,3
Industrias extractivas Industrias manufactureras	R05_09	963	982	1944	0,0
	R18	70 926	2423	73 349	1,8
	Resto (de R10A a R17 e de R19 a R33)	33 435	199 418	232 853	5,7
Energía, gas e abastecemento de auga	R35	32 096	94 547	126 643	3,1
	Resto (de R36 a R37_38NM)	5368	26 485	31 853	0,8
Construción Comercio, hostalaría e transporte	R41_43	22 941	52 758	75 699	1,8
	R46	20 076	89 362	109 438	2,7
	R47	15 837	160 929	176 767	4,3
	R56	9688	260 040	269 728	6,6

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	Impacto inducido	Impacto total	Porcentaje total
	Resto (R45 e de R49 a R55)	39 486	163 322	202 809	4,9
Actividades de información e comunicación	R58	98 358	4064	102 422	2,5
	R59_60	186 476	1532	188 007	4,6
	R61	7504	41 788	49 292	1,2
	R62_63	7162	7446	14 607	0,4
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R68	28 658	293 730	322 388	7,8
	Resto (de R64 a R66)	21 069	107 002	128 071	3,1
Actividades profesionais	R73	74 123	3605	77 729	1,9
	R74_75	9299	10 888	20 188	0,5
	Resto (de R69_70 a R72)	29 752	27 581	57 333	1,4
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	De R77 a R80_82	45 365	32 300	77 665	1,9
AA. PP.	R84	129 701	1742	131 443	3,2
Educación	R85M	195 440	19 009	214 449	5,2
	R85NM	951 988	2291	954 279	23,2
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	2527	78 330	80 857	2,0
	R86_88NM	0	1006	1006	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio e persoais	R90_93	192 241	57 831	250 072	6,1
	R94	3496	1760	5256	0,1
	R95	1378	2580	3958	0,1
	R96	1259	30 433	31 692	0,8
	R97	0	21 352	21 352	0,5
Total		2 239 218	1 878 578	4 117 796	100,0

Fonte: Elaboración propia

No relativo á distribución do impacto total, unha vez máis a educación proporciona a maior parte do impacto (28,4 %), o cal é na súa maioría directo debido a que se trata de actividades fundamentalmente públicas que se dirixen á demanda final. A continuación, pero a gran distancia, cun 7,8 % atópanse as actividades inmobiliarias (R68) e, en terceiro lugar, os servizos de comidas e bebidas (R56), cun 6,6 %; en ambos os casos, actividades

moi beneficiadas polo impacto inducido. En cuarta posición están as actividades artísticas e de entretemento (R90\_93), cun 6,1 %, que se corresponde maiormente co seu impacto directo.

En termos de VEB, o impacto total dos sectores do galego é de 2694,6 millóns de euros, dos cales un 53,4 % lle corresponde ao impacto directo (1439,8 millóns de euros), o 7,8 % ao indirecto (209,9 millóns) e o restante 38,8 % ao inducido (1044,9 millóns). Dado que o VEB total da economía galega en 2019 é de 57 838,1 millóns, o VEB vinculado ao impacto directo, indirecto e inducido do galego é dun 4,7 %. Este resultado é máis dun punto porcentual superior ao da produción, o que reflicte que as actividades vinculadas ao galego teñen unha orientación maioritaria á demanda final e non á intermedia, o cal se pode explicar porque son realizadas en parte por institucións públicas e en parte pola propia natureza das actividades.

Como é lóxico, en termos de VEB, a distribución do impacto total non muda de xeito substancial, polo que a educación principalmente, así como as actividades inmobiliarias, os servizos de comidas e bebidas e as actividades artísticas e de entretemento, son as que acumulan un maior impacto total. Agora ben, en termos de VEB as dúas primeiras gañan peso sobre o total e as dúas segundas pérdeno; así, a educación representa case o 40 % do VEB total e as actividades inmobiliarias un 11,1 %, mentres que as actividades inmobiliarias e a hostalaría representan cada unha un 5,6 %.

**Impacto total sobre o VEB do galego por sectores económicos e ramas principais  
(miles de euros)**

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	Impacto inducido	Impacto total	Porcentaxe total
Agricultura, gandería e pesca	R01	696	33 563	34 259	1,3
	Resto (de R02 a R03B)	598	7134	7732	0,3
Industrias extractivas Industrias manufactureras	R05_09	421	429	850	0,0
	R18	26 788	915	27 704	1,0
	Resto (de R10A a R17 e de R19 a R33)	9681	43 134	52 815	2,0
Enerxía, gas e abastecemento de auga	R35	13 271	39 094	52 366	1,9

O valor económico do galego

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	Impacto inducido	Impacto total	Porcentaxe total
	Resto (de R36 a R37_38NM)	2090	8433	10 523	0,4
Construción	R41_43	11 331	26 059	37 390	1,4
Comercio, hostalaría e transporte	R46	9131	40 647	49 778	1,8
	R47	10 329	104 957	115 286	4,3
	R56	5159	138 485	143 644	5,3
	Resto (R45 e de R49 a R55)	15 645	65 815	81 459	3,0
Actividades de información e comunicación	R58	42 888	1772	44 660	1,7
	R59_60	118 296	972	119 268	4,4
	R61	3823	21 287	25 109	0,9
	R62_63	4193	4359	8551	0,3
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R68	26 510	271 717	298 227	11,1
	Resto (de R64 a R66)	11 640	55 064	66 703	2,5
Actividades profesionais	R73	24 011	1168	25 179	0,9
	R74_75	7294	8540	15 835	0,6
	Resto (de R69_70 a R72)	17 531	16 196	33 727	1,3
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	De R77 a R80_82	29 989	19 296	49 285	1,8
AA. PP.	R84	95 712	1285	96 997	3,6
Educación	R85M	166 284	16 173	182 457	6,8
	R85NM	880 813	2120	882 933	32,8
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	1541	47 778	49 319	1,8
	R86_88NM	0	633	633	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio e persoais	R90_93	110 481	33 236	143 717	5,3
	R94	2026	863	2889	0,1
	R95	898	1682	2580	0,1
	R96	772	18 674	19 446	0,7
	R97	0	13 423	13 423	0,5
<b>Total</b>		<b>1 649 845</b>	<b>1 044 900</b>	<b>2 694 745</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Elaboración propia

En termos de emprego, o impacto total dos sectores do galego é de 49 893 postos de traballo equivalentes a tempo completo, dos que o 55,5 % se corresponde co impacto directo (27701), o 8,5 % co indirecto (4242) e o 36,0 % co inducido. En 2019 o total de empregos equivalentes a xornada completa, segundo a contabilidade rexional de Galicia, era de 1 031 861; polo tanto, o emprego vinculado ao impacto total do galego representa un 4,8 % do total da economía.

Ao igual que con produción e VEB, en xeral nas ramas vinculadas ao galego predominan os efectos directo e indirecto. Unha vez máis, a rama R47 de comercio polo miúdo destaca polo forte impacto inducido, que representa preto do 90 % do seu efecto total. Isto fai que a rama de comercio se sitúe como a segunda máis importante no impacto sobre o total da economía, ao xerar máis de 4250 empregos equivalentes a tempo completo, os cales representan o 8,5 % do emprego creado polas actividades ligadas á lingua galega.

**Impacto total sobre o emprego do galego por sectores económicos e ramas principais  
(postos de traballo equivalentes a tempo completo)**

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	Impacto inducido	Impacto total	Porcentaxe total
Agricultura, gandaría e pesca	R01	17	822	839	1,7
	Resto (de R02 a R03B)	15	198	212	0,4
Industrias extractivas Industrias manufactureras	R05_09	12	12	24	0,0
	R18	815	28	843	1,7
	Resto (de R10A a R17 e de R19 a R33)	198	834	1031	2,1
Enerxía, gas e abastecemento de auga	R35	7	22	29	0,1
	Resto (de R36 a R37_38NM)	37	152	190	0,4
Construción Comercio, hostalaría e transporte	R41_43	212	487	699	1,4
	R46	147	656	803	1,6
	R47	525	3739	4264	8,5
	R56	87	2338	2426	4,9

O valor económico do galego

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	Impacto inducido	Impacto total	Porcentaxe total
	Resto (R45 e de R49 a R55)	332	1567	1899	3,8
Actividades de información e comunicación	R58	1025	47	1072	2,1
	R59_60	2098	18	2116	4,2
	R61	12	67	79	0,2
	R62_63	91	97	189	0,4
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R68	32	331	363	0,7
	Resto (de R64 a R66)	92	463	555	1,1
Actividades profesionais	R73	790	43	833	1,7
	R74_75	111	112	224	0,4
	Resto (de R69_70 a R72)	535	493	1027	2,1
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	De R77 a R80_82	1205	718	1922	3,9
AA. PP.	R84	1382	19	1401	2,8
Educación	R85M	3974	416	4390	8,8
	R85NM	15 046	38	15 084	30,2
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	50	1558	1609	3,2
	R86_88NM	0	13	13	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio e persoais	R90_93	2969	631	3600	7,2
	R94	48	26	74	0,1
	R95	37	70	107	0,2
	R96	42	1026	1069	2,1
	R97	0	907	907	1,8
<b>Total</b>		<b>31 944</b>	<b>17 949</b>	<b>49 893</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Elaboración propia

No tocante á distribución do impacto, a educación tamén é a que achega o maior en termos de emprego (39 %), seguida pola rama de comercio polo miúdo xa mencionada. En terceiro lugar atópanse as actividades artísticas e de entretemento (R90\_93) que supoñen un 7,2 % do total de postos de traballo vinculados ao galego.

En contraposición co observado nos resultados de produción e VEB, nos cales as actividades inmobiliarias tiñan un forte impacto, en termos de emprego a súa achega é moi baixa, con tan só 363 postos de traballo equivalentes a tempo completo (un 0,7 % do total).

### **8.6. Comparativa das achegas das linguas cooficiais á economía das CC. AA.**

Na táboa seguinte, faise unha comparativa dos datos do impacto directo das linguas cooficiais na economía das tres comunidades autónomas das que se dispón de datos. Así, no conxunto pode comprobarse que é o éuscaro a lingua que produce maior impacto directo, tanto no VEB como no emprego, e o valenciano a que menos repercusión ten na economía da Comunidade Valenciana. Galicia presenta valores que a sitúan nunha posición intermedia entre as dúas comunidades autónomas. Deste xeito, o VEB do éuscaro calcúlase nun 3,1 %, máis do dobre que o valenciano, mentres que o VEB do galego se sitúa nun 2,5 %. Por outra banda, con respecto ao emprego, o éuscaro achega un 4,8 % do emprego, case o dobre que o galego e o triplo que o valenciano.

#### **Comparativa das achegas directas das linguas cooficiais ao VEB e ao emprego das economías das CC. AA.**

	VEB	Emprego
Éuscaro	3,1 %	4,8 %
Valenciano	1,3 %	1,9 %
Galego	2,5 %	2,7 %

Fonte: Elaboración propia

Se agora se comparan os datos das achegas ao VEB desagregados polos distintos sectores da lingua ás comunidades autónomas, pode comprobarse que é o sector da educación o que amosa unha porcentaxe máis elevada nas achegas do VEB. Aínda así, pódese ver que, mentres que entre o éuscaro e o galego non hai unha diferenza moi importante (tres puntos porcentuais), o valenciano si presenta valores moi superiores, pois un 91,7 % da achega desta lingua á economía da comunidade autónoma é imputable a este sector. Outra diferenza salientable prodúcese no sector da cultura e os medios de comunicación, xa que o galego é a lingua que achega un maior valor do VEB, cun 20,5 %, 8,3 puntos porcentuais máis que o que achega o



éuscaro e case catro veces máis que o valenciano. No sector das industrias da lingua é, unha vez máis, o éuscaro a lingua que máis porcentaxe achega á economía da comunidade autónoma, cun 5,7 %, mentres que o galego e o valenciano apenas teñen presenza no impacto da lingua neste sector (0,5 %). Por último, a Administración pública mostra valores moi semellantes entre o éuscaro e o galego, aínda que algo superiores para o galego.

**Comparativa da distribución porcentual interna da achega ao VEB dos sectores da lingua das CC. AA.**

	Éuscaro	Valenciano	Galego
Cultura e medios de comunicación	12,2	5,7	20,5
Industrias da lingua	5,7	0,5	0,5
Educación	75,8	91,7	72,3
Administración pública	6,3	2,1	6,7

Fonte: Elaboración propia

Por último, con respecto ás achegas destas linguas ao emprego das comunidades autónomas, segue a ser no sector da educación no que, en maior medida, as tres linguas cooficiais contribúen ao emprego das respectivas comunidades autónomas, aínda que as diferenzas porcentuais si son importantes, xa que o galego é lingua que menos emprego achega na educación, con 11 puntos porcentuais de diferenza con respecto ao éuscaro e máis de 20 se se compara co valenciano. Porén, é no sector da cultura e os medios de comunicación no que o galego achega unha maior porcentaxe de emprego, se se compara co éuscaro (máis do dobre) e o valenciano (catro veces máis).

O sector no que as linguas cooficiais achegan menos porcentaxe de emprego é o das industrias da lingua, aínda que con diferenzas salientables segundo a lingua, posto que, mentres que o galego e o valenciano apenas fornecen emprego neste sector, o éuscaro contribúe cun 5,9 % do emprego da comunidade autónoma. Por último, o uso do galego na Administración pública achega un 4,9 % do emprego en Galicia, máis que o que proporcionan o éuscaro e o valenciano nas respectivas comunidades autónomas.

**Comparativa da distribución interna da achega ao emprego dos sectores da lingua das CC. AA.**

	Éuscaro	Valenciano	Galego
Cultura e medios de comunicación	10,6	5,7	26,4
Industrias da lingua	5,9	0,7	0,5
Educación	79,9	88,6	68,2
Administración pública	3,5	1,3	4,9

Fonte: Elaboración propia

## 9. CONCLUSIÓNS

Neste traballo delimitáronse e cuantificáronse, en termos de valor económico e emprego, as actividades asociadas á lingua galega. Tal e como se calculou para o castelán, o éuscaro e o valenciano, usouse unha metodoloxía equiparable para Galicia. A tese principal é que a lingua ten un mercado e unha industria propios e que estes son cuantificables. Para estimar o valor económico da lingua delimitáronse, en primeiro lugar, os bens e servizos directamente relacionados coa lingua como elemento diferencial no seu proceso produtivo e, con posterioridade, as actividades que os producen.

Para ese efecto, distínguense catro grandes subsectores ou grupos de actividade. O primeiro é o denominado das industrias culturais e dos medios de comunicación; trátase dun conxunto moi diverso de actividades entre as que se atopan a edición e a impresión, o comercio de produtos culturais (libros, publicacións periódicas, etc.); as artes escénicas, as musicais e os espectáculos; todas as actividades do sector audiovisual, a publicidade, as actividades de creación e as artísticas, así como museos, bibliotecas, etc. O segundo está composto polas denominadas industrias da lingua, que comprenden o ensino específico do idioma (fóra das ensinanzas do réxime xeral), as actividades de tradución e interpretación e as actividades de regulación do idioma, así como as tecnoloxías da lingua. O terceiro subsector é o da educación e comprende o ensino obrigatorio e o postobligatorio, incluídas as ensinanzas universitarias. O último apartado é o denominado das administracións públicas, que recolle as actividades de promoción da lingua galega e as de promoción da cultura.

Os impactos económicos mídense en termos de VEB e de emprego equivalente a tempo completo. As achegas económicas e de emprego están influídas tanto pola produción total de cada actividade como polo nivel de uso de galego. Todas as estimacións realizadas foron de mínimos, dado que a totalidade das decisións metodolóxicas do traballo se orientou cara a cuantificar as cantidades máis baixas das posibles.

A maior parte da achega ao VEB e ao emprego atribuíble á lingua galega de forma directa vén producida pola educación, que representa un 72,3 % do VEB e un 68,2 % do emprego xerado por este idioma, o que supón algo máis de 1041 millóns de euros e 18 879 empregos equivalentes a tempo completo. Respecto ao total da educación en Galicia (independentemente da lingua), a que se imparte en galego achega máis do 42 % do emprego e máis da metade do VEB do total.

O cálculo para determinar que parte da produción total é atribuíble á lingua galega no caso concreto deste ámbito efectúase segundo a lingua empregada na docencia, que, segundo as fontes manexadas, se sitúa nunha media dun 45,9 %, con diferenzas relevantes entre etapas. Así, no ensino obrigatorio calcúlase que esta porcentaxe se eleva a un 48,2 % e nas post-obrigatorias fica practicamente nun 42 %. Pola súa banda, nas universidades as porcentaxes oscilan entre un 23 % e un 13 %, segundo a institución.

Deste xeito, as actividades non universitarias xeraron 17 510 empregos equivalentes a tempo completo atribuíbles directamente á actividade en lingua galega: 13 664 no sector público e 3846 no sector privado. En termos de VEB son arredor de 961 millóns de euros, case 800 no ensino público e 161 no privado.

Pola súa parte, as ensinanzas universitarias en lingua galega supoñen 1368 empregos, dos cales 655 son na Universidade de Santiago de Compostela, 459 na Universidade de Vigo e 253 na Universidade da Coruña. O VEB xerado son 80,1 millóns de euros, 38,3, 26,9 e 14,8 millóns respectivamente para cada universidade.

O seguinte subsector en importancia económica é o das industrias da cultura e os medios de comunicación, que comprende unha achega directa dun 20,5 % do VEB (295 millóns de euros) e un 26,4 % do emprego equivalente a tempo completo en actividades vinculadas á lingua galega, uns 7300 empregos. Practicamente a metade da actividade deste subsector é atribuíble ao galego: un 54,3 % do total de VEB e un 47,9 % do total de emprego de toda a industria da cultura e dos medios de comunicación de Galicia, independentemente da lingua.

A produción en lingua galega deste ámbito depende da cantidade de bens e servizos que se ofrecen en tal lingua. A proporción varía dunhas actividades a outras. As de bibliotecas, arquivos e museos e aquelas referidas

ás artes escénicas, á creación artística e literaria e aos espectáculos, así como as relacionadas co audiovisual, producen en galego nunha porcentaxe maior que o resto das actividades, cun 72,2 %, 70,3 % e 69,2 % respectivamente. A edición de libros, xornais e revistas e outras actividades editoriais teñen unha porcentaxe de produción media en galego dun 51,6 %, maior que a das axencias de noticias e axencias de publicidade (34,9 %). O comercio a retallo de produtos culturais en establecementos especializados, cun 23,5 %, e as artes gráficas, cun 18,8 %, son as actividades cun menor volume de actividade atribuíble ao galego.

Tal e como é esperable, aquelas actividades que amosan producións proporcionalmente maiores en lingua galega son tamén, en xeral, as que achegan máis emprego e riqueza. En termos medios, as actividades que proporcionan máis emprego e VEB atribuíbles ao galego son as relacionadas co audiovisual (1963 empregos e 111 millóns de euros), as artes escénicas, as actividades artísticas e creativas e os espectáculos (2380 empregos e case 77 millóns de euros), seguidas da edición (912 empregos e 38,6 millóns de euros) e das actividades das axencias de publicidade e de noticias (767 empregos e 23,7 millóns de euros).

O terceiro subsector en importancia relativa é o da promoción da lingua e da cultura das administracións públicas. Este xera un 6,7 % do VEB e un 4,9 % do emprego directo atribuíble ao galego; en concreto, 95,7 millóns de euros e 1382 empregos equivalentes a tempo completo.

Para este conxunto de actividades, considerouse que están integralmente vinculadas á lingua galega aquelas relacionadas coa promoción do idioma. No caso das relativas á promoción da cultura, calculouse a proporción atribuíble á lingua, entendida como as actividades culturais que se promoven neste idioma. A proporción global media deste última actividade é dun 90 %. En termos económicos, iso significa que, do total da achega en conxunto das actividades de promoción da lingua e da cultura das administracións públicas, un 88,8 % están ligadas á lingua galega, tanto en termos de VEB como de emprego.

A actividades de promoción da lingua da Administración autonómica e local (concellos e deputacións) calculouse en 7,1 millóns de euros de VEB e case 103 empregos a tempo completo. As actividades de promoción da cultura supoñen 88,5 millóns de VEB e 1278 empregos a tempo completo.

O último sector en importancia relativa é o das industrias da lingua, que supón unha contribución dun 0,5 % ao VEB e ao emprego atribuíbles ao galego, o que significa 7,5 millóns de euros e 137 empregos.

Para este conxunto de actividades, a proporción da lingua calculouse en función de diferentes factores. Así, nas actividades de ensino da lingua galega (fóra do sistema educativo xeral, nomeadamente escolas oficiais de idiomas e academias de linguas), calculouse en función do alumnado que cursa lingua galega con respecto do total, que se sitúa no 2,8 %; nas actividades de tradución e interpretación, en función da porcentaxe de produción en lingua galega (17,9 %). Nas tecnoloxías da lingua só se tiveron en conta as empresas dedicadas a actividades relacionadas co procesamento da linguaxe natural que mostran algún nivel de produción en lingua galega. A produción destas entidades en galego situouse nun 80 %. Por último, as actividades de regulación da lingua galega computan, como é obvio, ao 100 %.

Respecto do total da produción das industrias da lingua (independentemente do idioma), un 8,2 % dos postos de traballo e un 8,8 % do VEB son imputables á produción en lingua galega.

As actividades de tradución e interpretación atribuíbles ao galego xeraron case 4,4 millóns de euros de VEB e 73 empregos a tempo completo; as de regulación da lingua, 1,2 millóns de euros de VEB e 25 empregos; as academias de idiomas, 0,8 millóns e 20 empregos; as escolas oficiais de idiomas, outros 0,8 millóns e 14 empregos. Por último, as tecnoloxía da lingua supoñen apenas 0,3 millóns e 5 postos de traballo.

Tomada en conxunto, a contribución económica directa das actividades vinculadas ao galego ascende a 1440 millóns de euros de VEB e 27 702 empregos equivalente a tempo completo. Con respecto ao total da economía galega, xeran un 2,5 % do VEB. En termos de emprego, un 2,7 % dos postos de traballo equivalentes a xornada completa en 2019 en Galicia creáronse en actividades vinculadas á lingua galega. En termos de produción, as actividades vinculadas directamente ao galego ascende a algo máis de 1841,8 millóns de euros, dos cales un 78,2 % se corresponde co VEB. Respecto do total da economía galega esta cifra representa o 1,5 % da produción total en 2019.

En termos comparativos, o impacto directo do galego sobre a economía de Galicia é superior ao do valenciano na Comunidade Valenciana e inferior ao do éuscaro no País Vasco. En termos de VEB, o peso relativo do galego é case o dobre que o do valenciano e aproximadamente un 20 % menor que o do éuscaro. En termos de distribución das achegas por subsectores, o máis relevante é que o tamaño do sector da cultura e dos medios de comunicación é superior en Galicia, en parte porque hai unha implantación moi relevante do galego nesta industria.

Ademais do impacto directo das actividades, os produtos intermedios adquiridos polos sectores vinculados á lingua galega para poder levar a cabo a súa produción implican unha demanda doutro conxunto de produtos e servizos, o que comporta a necesidade dunha maior produción e postos de traballo para satisfacer a dita demanda. Isto é o impacto indirecto, que nas actividades vinculadas ao galego xera nos distintos sectores da economía galega unha produción de 397 millóns de euros, dos cales case 210 millóns se corresponden co VEB, e 4242 empregos equivalentes a xornada completa.

Este impacto distribúese en diferentes grupos de actividades. A maior proporción do impacto indirecto sobre o VEB prodúcese nas actividades inmobiliarias (12,6 %) e nas actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinaría, e actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas (11,7 %). As seguintes ramas de actividades máis beneficiadas son o fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado; as actividades artísticas, recreativas e de entretemento, así como as actividades xurídicas e de contabilidade; as actividades das sedes centrais e as actividades de consultoría e de xestión empresarial (cada rama cun impacto indirecto sobre o VEB dun 6,3 %). Porén, en termos de emprego, as actividades inmobiliarias e enerxéticas teñen un aporte minúsculo.

Por último, tamén se estima o impacto inducido vinculado ás actividades en lingua galega, isto é, a produción e os postos de traballo que se xeran na economía a través do consumo por parte dos fogares que perciben rendas salariais procedentes directa e indirectamente das actividades en galego. O impacto inducido polas actividades vinculadas á lingua na economía galega ascende a 1879 millóns de euros de produción, dos cales 1045 millóns de euros se corresponden co VEB. En termos de emprego, este

impacto inducido está asociado a 17 949 empregos equivalentes a tempo completo.

Unha vez máis, as actividades inmobiliarias representan a maior aportación ao VEB. Destacan, como era de agardar, dúas actividades económicas moi relevantes no vector de consumo, a hostalaría e o comercio polo miúdo, que acumulan entre as dúas case un cuarto do impacto inducido total sobre o VEB. Estas dúas últimas tamén son as que teñen unha maior contribución ao emprego inducido; á rama de comercio polo miúdo correspóndelle máis dun quinto dos postos de traballo a tempo completo.

Tomado en conxunto, o impacto total sobre a economía galega das actividades vinculadas á lingua galega no ano 2019 representa un 3,4 % da produción da economía, o 4,7 % do VEB (2694,6 millóns de euros) e o 4,8 % do emprego equivalente a tempo completo (49 893 postos de traballo).



